



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 3 de NOVEMBRO de 2022 (1313/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día tres de novembro de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

O concelleiro Sr. Aneiros Pereira únese á sesión en modo online ó atoparse en situación de permiso por paternidad.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(914).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 21 de outubro e ordinaria do 27 de outubro de 2022. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(915).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PARA A IMPARTICIÓN DUN CURSO TEÓRICO-PRÁCTICO PARA FUNCIONARIOS DE NOVO INGRESO NO SERVIZO DE PREVENCIÓN, EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO. EXPTE. 6716/213.**

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada con data 27/10/2022, que di o seguinte:

e) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a impartición dun curso teórico-práctico para funcionarios de novo ingreso no Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (6716-213)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación dos servizos para a impartición dun curso teórico-práctico para funcionarios de novo ingreso no Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (6716-213)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 6 de outubro de 2022 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, dos servizos para a impartición dun curso teórico-práctico para funcionarios de novo ingreso no Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (6716-213).

**Segundo.-** A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 27 de outubro de 2022, comprobou que non hai licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non hai licitadores presentados neste procedemento, procede declarar deserto este procedemento.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

*“Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a impartición dun curso teórico-práctico para funcionarios de novo ingreso no Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (6716-213) por non terse presentado ningún licitador tal e como consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral.”*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(916).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA CONTORNA DO CENTRO DE SAÚDE DE TEIS”. EXPTE. 1271/441.**

Visto o informe de fiscalización de data 28/10/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada con data 27/10/2022, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Mellora de accesibilidade da contorna do Centro de Saúde de Teis” (1271-441)

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de “Mellora de accesibilidade da contorna do Centro de Saúde de Teis” (1271-441)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 30 de xuño de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA CONTORNA DO CENTRO DE SAÚDE DE TEIS”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. María Ferreiro Núñez.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación con data 3 de xuño de 2022.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN TRESCENTOS OITO MIL CENTO SEIS EUROS con TRINTA E CINCO (1.308.106,35 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 227.026,72 €.*

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1539.619.00.62 (Vigo Vertical, Esc. Mecánica ao C. Saúde Teis), provinte da modificación orzamentaria nº12/2022 - Crédito extraordinario e Suplemento de crédito financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais- (expediente 74/142), segundo a distribución de anualidades proposta.

2022	1.308.106,35 €
------	----------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de outubro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “Mellora de accesibilidade da contorna do Centro de Saúde de Teis” (1.271-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	89,00
2	UTE CIVIS GLOBAL, S.L.U - AVAN INTEGRAL S.L.	31,78

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 6 de outubro de 2022, que presenta a documentación requirida o 19 de outubro de 2022, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 27 de outubro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da

documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 9 de setembro de 2022 e 27 de setembro de 2022, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678) o procedemento aberto para a contratación das obras de “Mellora de accesibilidade da contorna do Centro de Saúde de Teis” (1271-441) por un prezo total do contrato de 1.245.186,44 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 216.106,74 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(917).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO PARA A MODERNIZACIÓN, E MELLORA DA DISPOÑIBILIDADE E CAPACIDADE DA INFRAESTRUTURA DE PROCESO DE DATOS DO CONCELLO DE VIGO: LOTE 2. EXPTE. 9887/113.**

Visto o informe de fiscalización de data 28/10/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada con data 27/10/2022, que di o seguinte:

## 11.- Propostas de adjudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro para a modernización, e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo (9887-113) (Lote 2)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro para a modernización, e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo (9887-113) (Lote 2)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 1 de setembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro para a modernización e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo, no que constan:*

*- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 09/06/2022 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal da mesma data.*

*- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 06/07/2022 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.*

*- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 04/07/2022 asinado polo técnico responsable de seguridade informática e polo xefe do servizo de Administración Electrónica.*

*- Memoria xustificativa do contrato de data 05/08/2022, asinado polo técnico responsable de seguridade informática e o xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.*

*- Memoria económica do contrato de data 05/08/2022, asinada polo técnico responsable de seguridade informática e o xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal e do Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.*

- Informe da Técnica de administración xeral do de Servizo de Contratación de data 08/08/2022, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 08/08/2022.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 604.686,76 €, que inclúe un I.V.E. de 104.945,64 €, dende o 1 de setembro de 2022, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

exercicio	Partida/Proxecto	Concepto	base	ive	total
2022	9207.6260010/ 22920720	Equipamento servidores para CPD municipal	396.435,33 €	83.251,43 €	479.686,76 €
2022	9207.6260001/ 19920701	Centro procesamento datos CPD, Fase I e II	103.305,79 €	21.694,21 €	125.000,00€
TOTAL			499.741,12 €	104.945,64 €	604.686,76 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de outubro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a única proposición admitida no lote 2 do procedemento aberto para a contratación do subministro para a modernización, e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo (9.887-113) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación
1	ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar neste lote, ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L. (B-15.123.177), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L., o día 6 de outubro de 2022, que presenta a documentación requirida o día 19 de outubro de 2022, dentro do prazo concedido e os días 21 e 26 de outubro de 2022, fora do devandito prazo.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 27 de outubro de 2022 admitiu a documentación presentada en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda desta documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales) e considerouna correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L., de conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación en sesión do 5 de outubro de 2022 que, comprobado que a única oferta presentada non contén valores anormais ou desproporcionados segundo o criterio da cláusula 18 do PCAP e acorda outorgar a ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L. a máxima puntuación (100 puntos) ao abeiro do previsto na cláusula 16.3.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L. (B-15.123.177) o procedemento aberto para a contratación do subministro para a modernización, e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo (9887-113) (Lote 2) cun prezo total do contrato de 124.868,37 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 21.671,37 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(918).- ABOAMENTO DE AXUDAS DE CUSTO POR ASISTENCIAS Á COMISIÓN DE SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO VIGO CAPACITA VIII”. EXPTE. 19689/77.**

Visto o informe de fiscalización de data 21/10/2022, dáse conta do informe-proposta do 19/10/2022, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local, a concelleira-delegada de Emprego e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

I.- No DOG Núm. 46 do Martes, 8 de marzo de 2022, consta publicada a Orde do 21 de febreiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código do procedemento TR353A). Trátase dun programa financiado con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022-2023.

II.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 1 de abril de 2022, acordou aprobar o proxecto denominado “Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA VIII”, elaborado polo Servizo de Participación cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo (expte. 19086-77) e presentar a solicitude da axuda; que foi remitida a través da sede electrónica da Xunta de Galicia con data 22/04/2022.

III. Con data do 29 de xullo de 2022, recíbese a notificación da concesión da subvención para a realización do proxecto de Obradoiro dual de Emprego denominado “VIGO CAPACITA VIII” por resolución asinada pola xefa do Servizo de Coordinación Administrativa e Xestión Económica por ausencia da Xefa territorial (D 123/2022, do 23/06, art. 62.3)- Sede Vigo da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde do 21 de febreiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código do procedemento TR353A), co número de expediente 36/00007/2022 na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de **503.987 €** para o financiamento dos custos de formación

profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado.

IV. En data 29 de xullo 2022 o Concelleiro delegado de Cultura e Emprego asina a Orde de inicio do expediente de aceptación da subvención concedida do Obradoiro de emprego VIGO CAPACITA VIII. Tramitada en expediente nº 19430-77.

V. A Orde da convocatoria regula dun xeito xenérico o procedemento de selección de todo o persoal participante no programa, polo que a DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN remitiu Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego de data 24 de abril de 2022, para ditar directrices máis polo miúdo, coa finalidade de dotar dunha maior transparencia e eficacia a xestión do dito procedemento, así como para que todas as entidades sigan unhas pautas de actuación que terán o carácter de xerais e que cada unha concretará atendendo ás peculiaridades de cada un dos proxectos.

A selección da presente convocatoria, será realizada pola entidade promotora, que será a encargada de seleccionar o persoal directivo, docente e de apoio e ao alumnado dos programas e obradoiros duais de emprego.

A entidade promotora, no proceso de selección, actuará sempre de acordo aos principios de publicidade, concorrência, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación. Así mesmo, as ditas actuacións cumpriran cos requisitos mínimos e cos criterios de preferencia establecidos nas correspondentes ordes de convocatoria e instrucións. A entidade promotora deberá establecer as normas de constitución e funcionamento do órgano de selección correspondente.

VI. A través do expediente 19483/77 se tramita o proceso e as **bases de selección** do ALUMNADO-TRABALLADOR do Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA VIII (cofinanciado pola consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, conforme a resolución da Xefa Territorial de Pontevedra - Sede Vigo notificada en data 29/07/2022, ao abeiro da Orde do 21 de febreiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022, co número de expediente 36/00007/2022, polo importe de **503.987,00 €**, para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado-traballador.

VII. Por resolución do concelleiro delegado de Cultura e Emprego de data 01/09/2022 se aprobou a composición da Comisión de Selección do alumnado-traballador do Obradoiro de Emprego "VIGO CAPACITA VIII", (cofinanciado pola Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, conforme a resolución da Xefa Territorial de Pontevedra - Sede Vigo notificada en data 29/07/2022, ao abeiro da Orde do 21 de febreiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022:

Presidenta	Carla Candia Paz	Funcionaria	A1	Xefa de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local
Secretaria	Rosa M <sup>a</sup> Otero Malvárez	Funcionaria	A2	Técnica de xestión
Vogal	Belén Pérez Barreiro	Funcionaria	A2	Técnica Contabilidade
Suplentes	Susana García Álvarez	Funcionaria	A1	Letrada-xefa de asesoramento do servizo de Asesoría Xurídica
	María José Loureiro Bada	Funcionaria	A1	Xefa do servizo de Educación
	Pedro M <sup>a</sup> Vázquez Iglesias	Funcionario	A2	Técnico Medio Actividades Culturais e Educativas
Persoal de apoio	Virginia Pereiras Bermejo	Laboral	C2	Auxiliar administrativa
	Sonia M <sup>a</sup> Martínez Alonso	Laboral	A2	Orientadora Laboral/Técnica de emprego

X. Con data 26/09/2022, se aprobou a acta final da selección establecéndose a orde de prelación das persoas seleccionadas e a listaxe de reserva das suplentes.

En base ás consideracións expostas, unha vez rematado o proceso selectivo e de acordo coas actas asinadas pola Secretaria e o resto dos compoñentes da Comisión de Selección, trala publicación na páxina web municipal, dos anuncios cos resultados provisionais e definitivos do proceso determínase a relación de perceptores das devanditas asistencias á Comisión de selección do alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego VIGO CAPACITA VIII (cofinanciado pola Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia) que deseguido se relacionan e, polo concepto que se indica:

COMISIÓN DE SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO VIGO CAPACITA VIII						PROCESO (alumnado-traballador)			
Membros dos tribunais e asesores técnicos	DNI	Nome e apelidos	Asistencias		Dietas		CONSTITUCIÓN E 1º DÍA ENTREVISTA PERSOAL	2º DÍA ENTREVISTA PERSOAL	BAREMACIÓN
			Categoría 3ª Alumno-Traballador	Importe Categoría 3ª	TOTAL	20/09/22	21/09/22	22/09/22	
Asesora especialista	78737463E	Virginia Pereiras Bermejo	3	36,72 €	110,16 €	1	1	1	
Asesora especialista	36126223P	Sonia María Martínez Alonso	3	36,72 €	110,16 €	1	1	1	
		<b>TOTAL ASESORES</b>	<b>6</b>	<b>73,44 €</b>	<b>220,32 €</b>				
Presidenta.	77597450G	Carla Candia Paz	3	39,78 €	119,34 €	1	1	1	
Secretaria	76965736P	Rosa María Otero Malvárez	3	39,78 €	119,34 €	1	1	1	
		<b>TOTAL PRESIDENTA/SECRET.</b>	<b>6</b>	<b>79,56 €</b>	<b>238,68 €</b>				
Vogal	36046390P	Belén Pérez Barreiro	3	36,72 €	110,16 €	1	1	1	
		<b>TOTAL VOGAIS</b>	<b>3</b>	<b>36,72 €</b>	<b>110,16 €</b>				
		<b>TOTAL COMISIÓN DE SELECCIÓN</b>	<b>15</b>	<b>189,72 €</b>	<b>569,16 €</b>				

O importe total de dietas polos compoñentes da Comisión de Selección supón a cantidade de **569,16 €**

O importe total dietas dos/as asesores técnicos, supón a cantidade de 220,32 €

O gasto por importe de **569,16 €** (348,84 € de compoñentes da comisión e 220,32 € de Asesores Técnicos), abonarase con cargo á aplicación orzamentaria **2410.2330000** de “Dietas tribunais”

## PROPOSTA

A vista do exposto, de conformidade con previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, e das competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego Dona Elena Espinosa Mangana nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 06/09/22, sométese á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

1. Comprometer o gasto de **569,16 €**, que se executará con cargo a aplicación orzamentaria **2410.2330000** de “Dietas tribunais”
2. Abonar as cantidades que se indican a continuación aos preceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto de asistencias á Comisión de selección do ALUMNADO-TRABALLADOR do obradoiro dual de emprego VIGO CAPACITA VIII:
- 3.

### Comisión de selección :

#### COMISIÓN DE SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO VIGO CAPACITA VIII

			Asistencias	Dietas	
Membros dos tribunais e asesores técnicos	DNI	Nome e apelidos	Categoría 3ª Alumno-Traballador	Importe Categoría 3ª	TOTAL
Presidenta.	77597450G	Carla Candia Paz	3	39,78 €	119,34 €
Secretaría	76965736P	Rosa María Otero Malvárez	3	39,78 €	119,34 €
<b>TOTAL PRESIDENTA/SECRET.</b>			<b>6</b>	<b>79,56 €</b>	<b>238,68 €</b>
Vogal	36046390P	Belén Pérez Barreiro	3	36,72 €	110,16 €
<b>TOTAL VOGAIS</b>			<b>3</b>	<b>36,72 €</b>	<b>110,16 €</b>
<b>TOTAL COMISIÓN DE SELECCIÓN</b>			<b>9</b>	<b>116,28 €</b>	<b>348,84 €</b>

### Asesores/las técnicos/las:

COMISIÓN DE SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO VIGO CAPACITA VIII

			Asistencias	Dietas	
Membros dos tribunais e asesores técnicos	DNI	Nome e apelidos	Categoría 3ª Alumno-Traballador	Importe Categoría 3ª	TOTAL
Asesora especialista	78737463E	Virginia Pereiras Bermejo	3	36,72 €	110,16 €
Asesora especialista	36126223P	Sonia María Martínez Alonso	3	36,72 €	110,16 €
<b>TOTAL ASESORES</b>			<b>6</b>	<b>73,44 €</b>	<b>220,32 €</b>
<b>TOTAL COMISIÓN DE SELECCIÓN</b>			<b>6</b>	<b>73,44 €</b>	<b>220,32 €</b>

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(919).- ABOAMENTO DE AXUDAS DE CUSTO POR ASISTENCIAS Á COMISIÓN DE SELECCIÓN DO EQUIPO-DIRECTIVO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO VIGO CAPACITA VIII". EXPTE. 19690/77.**

Visto o informe de fiscalización de data 21/10/2022, dáse conta do informe-proposta do 19/10/2022, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local, a concelleira-delegada de Emprego e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I.- No DOG Núm. 46 do Martes, 8 de marzo de 2022, consta publicada a Orde do 21 de febreiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código do procedemento TR353A). Trátase dun programa financiado con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022-2023.

II.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 1 de abril de 2022, acordou aprobar o proxecto denominado "Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA VIII", elaborado polo Servizo de Participación cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo (expte. 19086-77) e presentar a solicitude da axuda; que foi remitida a través da sede electrónica da Xunta de Galicia con data 22/04/2022.

III. Con data do 29 de xullo de 2022, recíbese a notificación da concesión da subvención para a realización do proxecto de Obradoiro dual de Emprego denominado "VIGO CAPACITA VIII" por resolución asinada pola xefa do Servizo de Coordinación Administrativa e Xestión Económica por ausencia da Xefa territorial (D 123/2022, do 23/06, art. 62.3)- Sede Vigo da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde do 21 de febreiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código do procedemento TR353A), co número de expediente 36/00007/2022 na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de **503.987 €** para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado.

IV. En data 29 de xullo 2022 o Concelleiro delegado de Cultura e Emprego asina a Orde de inicio do expediente de aceptación da subvención concedida do Obradoiro de emprego VIGO CAPACITA VIII. Tramitada en expediente nº 19430-77.

V. A Orde da convocatoria regula dun xeito xenérico o procedemento de selección de todo o persoal participante no programa, polo que a DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN remitiu Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego de data 24 de abril de 2022, para ditar directrices máis polo miúdo, coa finalidade de dotar dunha maior transparencia e eficacia a xestión do dito procedemento, así como para que todas as entidades sigan unhas pautas de actuación que terán o carácter de xerais e que cada unha concretará atendendo ás peculiaridades de cada un dos proxectos.

A selección da presente convocatoria, será realizada pola entidade promotora, que será a encargada de seleccionar o persoal directivo, docente e de apoio e ao alumnado dos programas e obradoiros duais de emprego.

A entidade promotora, no proceso de selección, actuará sempre de acordo aos principios de publicidade, concorrência, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación. Así mesmo, as ditas actuacións cumprirán cos requisitos mínimos e cos criterios de preferencia establecidos nas correspondentes ordes de convocatoria e instrucións. A entidade promotora deberá establecer as normas de constitución e funcionamento do órgano de selección correspondente.

VI. A través do expediente 19484/77 se tramita o proceso e as **bases de selección** do EQUIPO DIRECTIVO do Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA VIII (cofinanciado pola consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, conforme a resolución da Xefa Territorial de Pontevedra - Sede Vigo notificada en data 29/07/2022, ao abeiro da Orde do 21 de febreiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022, co número de expediente 36/00007/2022, polo importe de **503.987,00 €**, para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado-traballador.

VII. Por resolución do concelleiro delegado de Cultura e Emprego de data 01/09/2022 se aprobou a composición da Comisión de Selección do equipo directivo (expertos/as docentes, director/a, titor/a e persoal administrativo) do Obradoiro de Emprego "VIGO CAPACITA VIII", (cofinanciado pola Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, conforme a resolución da Xefa Territorial de Pontevedra - Sede Vigo notificada en data 29/07/2022, ao abeiro da Orde do 21 de febreiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022:

Presidenta	Carla Candia Paz	Funcionaria	A1	Xefa de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local
Secretaria	Rosa M <sup>a</sup> Otero Malvárez	Funcionaria	A2	Técnica de xestión
Vogal	Belén Pérez Barreiro	Funcionaria	A2	Técnica Contabilidade
Suplentes	Susana García Álvarez	Funcionaria	A1	Letrada-xefa de asesoramento do servizo de Asesoría Xurídica
	María José Loureiro Bada	Funcionaria	A1	Xefa do servizo de Educación
	Pedro M <sup>a</sup> Vázquez Iglesias	Funcionario	A2	Técnico Medio Actividades Culturais e Educativas
Persoal de apoio	Ana Mouriz Martínez	Laboral	A1	Coordinadora do plan de emprego
	Sonia M <sup>a</sup> Martínez Alonso	Laboral	A2	Orientadora Laboral/Técnica de emprego

X. Con data 26/09/2022, se aprobou a acta final da selección establecéndose a orde de prelación das persoas seleccionadas e a listaxe de reserva das suplentes.

En base ás consideracións expostas, unha vez rematado o proceso selectivo e de acordo coas actas asinadas pola Secretaria e o resto dos compoñentes da Comisión de Selección, trala publicación na páxina web municipal, dos anuncios cos resultados provisionais e definitivos do proceso determínase a relación de perceptores das devanditas asistencias á Comisión de selección de do EQUIPO DIRECTIVO (expertos/as docentes, director/a, titor/a e persoal administrativo) do obradoiro dual de emprego VIGO CAPACITA VIII (cofinanciado pola Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia) que deseguido se relacionan e, polo concepto que se indica:

PROCESO SELECCIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO VIGO CAPACITA VIII							
			Asistencias	Dietas		CONSTITUCIÓN E ENTREVISTA PERSOAL	BAREMACIÓN
Membros dos tribunais e asesores técnicos	DNI	Nome e apelidos	Categoría 1 <sup>a</sup> Equipo directivo	Importe Categoría 1 <sup>a</sup>	TOTAL	16/09/22	21/09/22
Asesora especialista	36096763B	Ana M <sup>a</sup> Mouriz Martínez	2	42,83 €	85,66 €	1	1
Asesora especialista	36126223P	Sonia María Martínez Alonso	2	42,83 €	85,66 €	1	1
		<b>TOTAL ASESORES</b>	<b>4</b>	<b>85,66 €</b>	<b>171,32 €</b>		
Presidenta.	77597450G	Carla Candia Paz	2	45,89 €	91,78 €	1	1
Secretaría	76965736P	Rosa María Otero Malvárez	2	45,89 €	91,78 €	1	1
		<b>TOTAL PRESIDENTA/SECRET.</b>	<b>4</b>	<b>91,78 €</b>	<b>183,56 €</b>		
Vogal	36046390P	Belén Pérez Barreiro	2	42,83 €	85,66 €	1	1
		<b>TOTAL VOGAIS</b>	<b>2</b>	<b>42,83 €</b>	<b>85,66 €</b>		
		<b>TOTAL COMISIÓN DE SELECCIÓN</b>	<b>10</b>	<b>220,27 €</b>	<b>440,54 €</b>		

O importe total de dietas polos compoñentes da Comisión de Selección supón a cantidade de **440,54 €**

O importe total dietas dos/as asesores técnicos, supón a cantidade de 171,32€

O gasto por importe de **440,54 €** (269,22 € de compoñentes da comisión e 171,32 € de Asesores Técnicos), abonarase con cargo á aplicación orzamentaria **2410.2330000** de "Dietas tribunais"

## PROPOSTA

A vista do exposto, de conformidade con previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, e das competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego Dona Elena Espinosa Mangana nos termos das delegacións competenciales efectuadas en data 06/09/22, sométese á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

1. Comprometer o gasto de **440,54 €**, que se executará con cargo a aplicación orzamentaria **2410.2330000** de "Dietas tribunais"
2. Abonar as cantidades que se indican a continuación aos preceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto de asistencias á Comisión de selección do EQUIPO DIRECTIVO (expertos/as docentes, director/a, titor/a e persoal administrativo) do obradoiro dual de emprego VIGO CAPACITA VIII:

### Comisión de selección :

PROCESO SELECCIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO VIGO CAPACITA VIII					
			Asistencias	Dietas	
Membros dos tribunais e asesores técnicos	DNI	Nome e apelidos	Categoría 1ª Equipo directivo	Importe Categoría 1ª	TOTAL
Presidenta.	77597450G	Carla Candia Paz	2	45,89 €	91,78 €
Secretaría	76965736P	Rosa María Otero Malvárez	2	45,89 €	91,78 €
<b>TOTAL PRESIDENTA/SECRET.</b>			<b>4</b>	<b>91,78 €</b>	<b>183,56 €</b>
Vogal	36046390P	Belén Pérez Barreiro	2	42,83 €	85,66 €
<b>TOTAL VOGAIS</b>			<b>2</b>	<b>42,83 €</b>	<b>85,66 €</b>
<b>TOTAL COMISIÓN DE SELECCIÓN</b>			<b>6</b>	<b>134,61 €</b>	<b>269,22 €</b>

### Asesores/as técnicos/as:

PROCESO SELECCIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO VIGO CAPACITA VIII					
			Asistencias	Dietas	
Membros dos tribunais e asesores técnicos	DNI	Nome e apelidos	Categoría 1ª Equipo directivo	Importe Categoría 1ª	TOTAL
Asesora especialista	36096763B	Ana Mª Mouriz Martínez	2	42,83 €	85,66 €
Asesora especialista	36126223P	Sonia María Martínez Alonso	2	42,83 €	85,66 €
<b>TOTAL ASESORES</b>			<b>4</b>	<b>85,66 €</b>	<b>171,32 €</b>
<b>TOTAL COMISIÓN DE SELECCIÓN</b>			<b>4</b>	<b>85,66 €</b>	<b>171,32 €</b>

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### 7(920).- CONVOCATORIAS DE CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL CON EMPRESAS PRIVADAS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO PARA PROGRAMAS DE NADAL 2022 E CABALGATA DE REIS 2023. EXPTE. 9459/335.

Visto o informe xurídico do 26/10/2022, dáse conta do informe-proposta de data 20/10/2022, asinado pola xefa do Servizo de Festas e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:



O artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, dispón que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

O servizo de Festas desenvolve ao longo do ano un programa estable de actividades de carácter sociocultural cuxa dotación económica está recollida nos seus orzamentos anuais.

Por outra banda, cada vez é máis habitual a colaboración público privada na posta en marcha de actividades de carácter municipal. Neste senso o artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, establece que se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo que as entidades ás que se refire o artigo 16 (entre as que están as entidades locais) a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas citadas actividades.

Esta maior implicación do sector privado en actividades de interese xeral promovidas polas administracións públicas aconsella regular dita colaboración para dotala de transparencia na súa publicidade, acceso e xestión. Por este motivo, o servizo de Festas dende o ano 2017 ven propoñendo a estruturación dun programa anual de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para o desenvolvemento de actividades socioculturais de intereses xeral, a través da redacción dunhas bases para a regulación, programación e ordenación das actividades de carácter sociocultural e de interese xeral que se prevexan realizar total ou parcialmente ao longo de cada exercicio económico, coa fin de dotar de maior transparencia e publicidade todo o procedemento.

A estos efectos a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 02/06/2022 prestou aprobación das bases reguladoras e convocatorias de convenios de colaboración empresarial con empresas privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo (expte. nº 9226/335).

As bases reguladoras teñen por obxecto baixo o cumprimento dos principios de publicidade e concorrència establecer o réxime normativo polo que se regularán os convenios de colaboración empresarial con entidades privadas que poidan ser obxecto de aceptación polo Servizo de Festas da Concellería de Participación Cidadá e Festas, dentro do ámbito das súas competencias para a realización de actuacións de carácter sociocultural que persigan fins de interese xeral e que se concretan no seguintes programas (Anexo I das Bases):

**1.- CABALGATA DE REIS**

**2.- PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE NADAL**

**3.-ENTROIDO**

**4.-PROGRAMA “VIGO EN FESTAS”**

**5.- SAMAÍN**

A publicación das convocatorias con conteñen a relación de actividades municipais obxecto de colaboración por entidades privadas está establecido na base SÉTIMA das bases reguladoras:

- Para o programa “**Actividades de Nadal**” o período de publicación establécese nos meses de setembro/outubro do mesmo ano no que se desenvolven as actividades obxecto de colaboración.
- Para sendo para os programas “**Cabalgata de Reis**” e “**Entroido**” o período de publicación establecerase no último trimestre do ano anterior aos que se desenvolven as actividades obxecto de colaboración.

Procede a aprobación da convocatoria dos programas **NADAL 2022, CABALGATA DE REIS 2023**.

Polo polo exposto, previo informe xurídico, sométese á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación o seguinte **INFORME PROPOSTA**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a convocatoria do programa: “ **NADAL 2022 e CABALGATA DE REIS 2023**”

**SEGUNDO.-** Ordenar a publicación da convocatoria de convenios de colaboración empresarial con empresas privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo dos Programas “NADAL 2022, CABALGATA DE REIS 2023” no BOP de Pontevedra, taboleiro de edictos e páxina web do Concello de Vigo.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVOCATORIA PARA OS PROGRAMAS: “NADAL 2022” E “CABALGATA DE REIS 2023” DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL CON ENTIDADES PRIVADAS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO.

### **PRIMEIRO.- OBXECTO**

A estruturación dun programa anual de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para o desenvolvemento de actividades socioculturais de intereses xeral organizadas polo Concello de Vigo, conforme as BASES REGULADORAS aprobadas pola Xunta de Goberno local o 02/06/2022 (expte. 9226/335, BOPPO n.º 109 de 08/06/2022) e convocatoria anual.

**SEGUNDO.- ACTIVIDADES OBXECTO DE COLABORACIÓN.** Poderán ser obxecto de colaboración as actividades municipais relacionados no **Anexo I** das BASES REGULADORAS:

- 1. CABALGATA DE REIS**
- 2. PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE NADAL**

### **TERCEIRO.- ENTIDADES COLABORADORAS.**

Poderán ostentar a condición de entidades colaboradoras as persoas xurídicas sometidas a dereito privado, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar o non es-

tean incorridas en algunha prohibición de contratar das previstas na Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

#### **CUARTO.- MODALIDADES DAS ACHEGAS**

As formas de colaboración poderán ser tanto **monetarias** como **en especie** nos supostos legalmente establecidos. As achegas poderán cubrir a totalidade ou parte da actividade obxecto de colaboración. Sempre que a actividade obxecto de colaboración o permitan, as achegas poderán proceder de varias entidades colaboradoras. En tales casos, cada entidade formalizará o seu respectivo convenio de colaboración segundo o modelo do **Anexo II** desta convocatoria.

#### **QUINTO.- PUBLICACIÓN, PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

A publicación das convocatorias conteñen a relación de actividades municipais obxecto de colaboración por entidades privadas, e dos prazos de presentación de ofertas para cada unha das actividades, será no BOPPO e na páxina web municipal con arranxo ao calendario recollido na base SÉTIMA:

- Para o programa “**Actividades de Nadal**” o período de publicación establécese nos meses de setembro/outubro do mesmo ano no que se desenvolven as actividades obxecto de colaboración.
- Para sendo para os programas “**Cabalgata de Reis**” o período de publicación establecerase no último trimestre do ano anterior aos que se desenvolven as actividades obxecto de colaboración.

Para todos os supostos anteditos, o prazo para a presentación de solicitudes para cada convocatoria será de **15 días naturais** contados dende o día de publicación no BOP Pontevedra

As propostas serán achegadas xunto coa instancia-formulario de solicitude que se establece para tal efecto nesta convocatoria (**Anexo III**) e deberán recoller, a seguinte información:

- Razón social, CIF, enderezo, localidade, código postal.
- Nome do representante legal, DNI, teléfono de contacto, correo electrónico.
- Programa co que desexa colaborar.
- Modalidade da achega. En caso de achega monetaria a cuantificación e en caso de achega en especie, valoración económica.
- Memoria da proposta en caso de colaboración en especie.

Os suxeitos obrigados a relacionarse por medios electrónicos conforme o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPC), presentarán a súa solicitude por medios electrónicos (<https://sede.vigo.org>) Noutro caso poderán presentar a súas propostas e solicitudes a través dos medios sinalados no artigo 16.4 da LPC.

## **SEXTO.- LUGAR ONDE SE PODEN OBTER AS BASES E FORMULARIOS:**

As bases desta convocatoria están a disposición dos interesados na páxina web municipal ([www.hoxevigo.org](http://www.hoxevigo.org)), e servizo de Festas dende o día da publicación no BOPPO.

## **SÉTIMO.- COMISIÓN DE AVALIACIÓN E VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS.**

Recibidas as propostas nos prazos da convocatorias procederase a avaliación das mesmas, así como da documentación presentada polos interesados. En caso de concorrencia de varias entidades, a prioridade determinarase de acordo aos criterios establecidos na base nona e de acordo coa puntuación establecida no punto sétimo da convocatoria anual.

A comisión de avaliación estará composta polo persoal técnico adscrito ao servizo e polo Concelleiro delegado da área de Participación Cidadá e Festas que procederán ao estudo das propostas presentadas para cada programa. Actuará como presidente o Concelleiro delegado da Área e como secretario/a un técnico/a do servizo.

A comisión estudará as propostas e descartará previamente aquelas cuxa marca ou produto non se adecúe ao tipo de actividade ou acción programada, así como ao público destinatario, sobre todo naquelas actividades de tipoloxía infantil ou familiar.

Posteriormente valoraranse o resto da propostas en base aos seguintes criterios:

1.- Avaliación para achegas monetarias: ata 10 puntos.

- a) A/s oferta/s economicamente máis vantaxosa/s: ata 5 puntos
- b) Adecuación da marca ao tipo de actividade e máis ao público destinatario da actividade, sobre todo naquelas actividades cuxo público destinatario sexa o público infantil ou familiar: ata 2 puntos.
- c) Calidade técnica da publicidade: ata 2 puntos.
- d) Compromisos efectivos dos solicitantes con accións de interese público: ata 1 puntos.

2.- Avaliación para achegas en especie: ata 10 puntos.

- a) A/s oferta/s en especie cuxa valoración económica sexa máis vantaxosa/s: ata 4 puntos.
- b) Adecuación da marca ao tipo de actividade e máis ao público destinatario da actividade, sobre todo naquelas actividades cuxo público destinatario sexa o público infantil ou familiar: ata 2 puntos
- c) A adecuación da/s oferta/s ao programa no que vai a ser encadrado a actividade ou acción proposta: ata 2 puntos.
- d) Calidade técnica da publicidade: ata 1 punto.
- e) Compromisos efectivos dos solicitantes con accións de interese público: ata 1 punto

## ANEXO I

### ACTIVIDADES E PROGRAMAS OBXECTO DE COLABORACIÓN POR ENTIDADES PRIVADAS.

#### **1.- PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE NADAL 2022-2023.**

Descrición da actividade: Eventos socioculturais infantís, familiares e público xeral desenvolvidos entre o 18 de decembro e o 10 de xaneiro.

Datas e horarios: sen determinar.

Forma de colaboración: **Achegas monetarias ou en especie** para colaboración na realización de obradoiros, animacións, espectáculos de carácter familiar ou infantís, o calquera outra actividade de interese xeral relacionada coa programación de Nadal.

Prazo de presentación de solicitudes: O establecido no punto QUINTO da convocatoria, e na base SÉTIMA.

#### **2.- CABALGATA DE REIS 2023:**

Descrición da actividade: Organización e desenvolvemento da Cabalgata de Reis que ten lugar na cidade de Vigo o día 5 de xaneiro de 2023:

Data e hora: 5 de xaneiro ás 11,00 horas  
Percorrido: Por determinar

Temática: **FILMES INFANTÍS**

Forma de colaboración: **Achegas en especie** (carroza, animación infantil o calquera outra actividade de interese xeral relacionada co evento).

Prazo de presentación de solicitudes: o establecido no punto QUINTO da convocatoria, e na base SÉTIMA .

**ANEXO III**

**INSTANCIA-FORMULARIO DE  
SOLICITUDE DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS E DE  
INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO.**

**NOME DA ENTIDADE:** .....

**CIF.....ENDEREZO.....**  
.....

**LOCALIDADE.....CÓDIGO POSTAL.....**

**NOME DO REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDA-  
DE:**.....

**NIF.....TELÉFONO DE**

**CONTACTO.....**

**CORREO ELECTRÓNICO .....**

**ACTIVIDADE/S OU PROGRAMA/S OBXECTO DE COLABORACIÓN:**

- **PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE NADAL 2022-2023:**
- **CABALGATA DE REIS 2023:**

**FORMA DE COLABORACIÓN:**

- **MONETARIA: IMPORTE DA  
ACHEGA:.....**

- **EN ESPECIE: VALORACIÓN ECONÓMICA DA ACHEGA  
.....**

\* Anexar memoria nos casos de achegas en especie e para outras propostas non incluídas no programa anual.

En ....., a .....de.....de 20....

Asdo.:

**EXCMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO**

**8(921).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA "ASOCIACIÓN DE MARINEROS ARTESANALES Y DEPORTIVOS SAN MIGUEL DE BOUZAS", PARA A AXUDAR A DIFUSIÓN DA CULTURA MARIÑEIRA. EXPTE. 10659/320.**

Visto o informe de fiscalización do 26/10/2022, dáse conta do informe-proposta de data 20/10/2022, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, polo concelleiro-delegado de Participación Cidadá e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I. Con data de entrada no Rexistro electrónico do Concello de Vigo o 06/04/2022, D. Jenaro Jose Valcarce Campos (DNI: 3598\*\*\*\*\*) en calidade de Presidente da "ASOCIACIÓN DE MARIÑEIRAS ARTESANAIS DE VIGO" (CIF: G36799351), achegou escrito (doc. 220069451) solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo para difusión da cultura mariñeira, engadindo unha proposta de acordo con certas modificacións para a sinatura do convenio. Posteriormente, con data de entrada no Rexistro electrónico do Concello de Vigo do 10/10/2022, (DOC. 220253495) solicita postpoñer as modificacións solicitadas e que o convenio do ano 2022 se tramite nos mesmos termos nos que se veñen asinando os convenios de anos anteriores, co obxecto de incluír ditas modificacións no convenio do 2023.

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, D. Jenaro Jose Valcarce Campos, o representante da entidade para a sinatura do convenio.

III. A entidade, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38<sup>a</sup>.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmete, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
  - Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 06/07/2022
  - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 27/04/2022
  - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 06/07/2022
  - Certificado do Concello de Vigo, de data 10/10/2022

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitud convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).

5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).

6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).

7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

<b>ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (01/10/2021-30/09/2022)</b>	
Mantemento embarcacións	4.000,00 €
Mantemento pantaláns	6.500,00 €
Autorización administrativas/impostos	3.500,00 €
Subministro eléctrico e abastecemento de auga	2.000,00 €
Formación e participación, encontros tradicionais	1.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>17.000,00 €</b>

<b>ORZAMENTO DE INGRESOS (01/10/2021-30/09/2022)</b>	
Fondos propios detraídos das cuotas socios	1.000,00 €
Subvención Convenio Colaboración Concello de Vigo	16.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>17.000,00 €</b>

8. Copia da póliza do seguro do local social, seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

9. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.



IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a entidade figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 490/96.

V. O vixente exercicio orzamentario (2022) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 22/12/2021, inclúe expresamente a partida 9240 4890013 “Convenio Asociación Mariñeiros Artesanais”, cunha dotación orzamentaria de 16.000,00 €.

VI. Con data 31/08/2022 o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo, expídese certificación de data 10/10/2022 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local asina memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **I. OBXECTO**

O presente expediente ten por obxecto a aprobación do convenio de colaboración coa “Asociación de Mariñeiros Artesanais e deportivos de Bouzas”, que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para a conservación e difusión da cultura mariñeira e mantemento das embarcacións municipais.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa “Asociación de Mariñeiros Artesanais e deportivos de Bouzas”.

Que a entidade “Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas” ten, entre outros, os seus fins estatutarios:

- *O fomento da cultura mariñeira para que non se perda nin se esqueza.*
- *Desenvolver actividades que conduzan a un maior coñecemento, aproveitamento e conservación das artes pesqueiras artesanais.*
- *Fomentar o coñecemento do litoral, das súas praias, flora e fauna e calquera outra actividade destinada a favorecer o mantemento e conservación das nosas costas.*
- *Por en coñecemento das autoridades e organismos competentes, cantas irregularidades se aprecien nas nosas costas, praias e augas.*
- *Desenvolver de xeito activo todas cantas actividades sexan posibles dirixidas aos nenos e nenas, así como a mocidade para que desde o coñecemento do medio mariño participen activamente no mantemento da flora, fauna, así como das artes e embarcacións artesanais. Todo isto para que poidan adquirir coñecemento da mar e aproveitamento do tempo libre.*
- *Coidar, manter e administrar calquera instalación cedida por calquera organismo competente, Concello, Autoridade Portuaria, Xunta de Galicia, etc. ou que sexa propiedade desta Asociación.*
- *Recuperar e construír réplicas de embarcacións tradicionais como Dornas, Gamelas, Buceta, Racú, Botes polbeiro e outros, sen esquecer os xa famosos faluchos, orixinais de Bouzas.*

- *Desenvolver actividades de lecer tanto deportivas como culturais, participando coas embarcacións tradicionais propiedade da asociación ou aquelas que se xestionen directamente en xuntanzas, encontros e varadas a celebrar principalmente polas costas galegas e norte de Portugal, e de xeito excepcional en encontros internacionais de embarcacións tradicionais como é o caso das que se celebran nas cidades de Douarnez e Brest na bretaña francesa.*

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

## **II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES**

Dunha parte, asinará o presente convenio o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, Pablo Luis Estévez Rodríguez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 17/08/2020).

Doutra parte, asinará o convenio D. Jenaro Jose Valcarce Campos (DNI: 3598\*\*\*\*), en calidade de Presidente da "ASOCIACIÓN DE MARIÑEIRO S ARTESANAIS DE VIGO" (CIF: G36799351), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 10659/320.

## **III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio "unha Administración unha competencia". Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, de acordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria Xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

#### ***IV. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DIRECTA***

Poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións a tenor do previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así coma no previsto na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2021.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Co obxecto de garantir e promover, sen ánimo de lucro, a conservación da cultura mariñeira tradicional (artigo 6º dos Estatutos), a entidade desenvolve actividades de recuperación e construción de réplicas de embarcacións tradicionais como Dornas, Gamelas, Buceta, Racú, Botes polbeiro e outros, sen esquecer os xa famosos faluchos, orixinais de Bouzas.

A Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas comprométese a colaborar coa Concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo, na difusión da cultura mariñeira empregando as embarcacións tradicionais propias e municipais para acadar este fin. Así mesmo comprométese ao seu mantemento, acondicionamento e amarre para que poidan empregarse en calquera momento polo persoal da Asociación e autorizados polo Concello.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a Asociación de Mariñeiros Artesanais e deportivos de Bouzas non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, e áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentas con este Concello de Vigo.

## **V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

O importe do convenio de 16.000,00 € imputaranse con cargo á partida 9240 4890013 “Convenio Asociación Mariñeiros Artesanais”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2022, que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 22/12/2021.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral xa que os gastos subvencionables obxecto da axuda que se pretende conceder á Asociación Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas, son de carácter corrente para mantemento de instalacións, enerxía eléctrica, etc.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

## **VI. ANTICIPO**

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o

destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

## **VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA**

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2022), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/2021 e o 30/09/2022, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo có art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **15 de novembro de 2022**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electrónicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

### **VIII. PUBLICIDADE**

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

### **IX. ÓRGANO COMPETENTE**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

### **X. RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa

(LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Participación Cidadá e Festas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### **ACORDO**

**PRIMEIRO.- APROBAR** o proxecto de convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a “Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas”, con CIF: G36799351 coa finalidade de promover, conservar e difundir a cultura mariñeira, e conservar e manter as embarcacións tradicionais propias e municipais (traíña, galeón, bote polbeiro e gamela coruxeira) , e que a nosa cidade siga sendo un referente para este tipo de actuacións, durante o ano 2022. **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 16.000€ (dezaseis mil euros).

**SEGUNDO.- AUTORIZAR e DISPOR** o gasto de **16.000,00 €**, con cargo á partida 9240 4890013 “Convenio Asociación Mariñeiros Artesanais”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2022.

**TERCEIRO.-** É competente para a sinatura do convenio o concelleiro de Participación Cidadá e Festas D. Pablo Luís Estévez Rodríguez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 17/08/2020).

**CUARTO.-** Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditir e notificar a resolución.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## CONVENIO COA "ASOCIACIÓN DE MARIÑEIRO S ARTESANAIS E DEPORTIVOS DE SAN MIGUEL DE BOUZAS" PARA A DIFUSIÓN DA CULTURA MARIÑEIRA

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Pablo Luis Estévez Rodríguez na súa calidade de Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, don Jenaro José Valcarce Campos, con DNI 3598\*\*\*\* en calidade de presidente da "Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas", CIF nº G36799351 e enderezo social no Paseo Marítimo Valentín Paz Andrade, 1 de Bouzas, na representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expediente 10659/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio,

### **MANIFESTAN**

I.- Que a entidade "Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas" ten, entre outros, os seus fins estatutarios:

- *O fomento da cultura mariñeira para que non se perda nin se esqueza.*
- *Desenvolver actividades que conduzan a un maior coñecemento, aproveitamento e conservación das artes pesqueiras artesanais.*
- *Fomentar o coñecemento do litoral, das súas praias, flora e fauna e calquera outra actividade destinada a favorecer o mantemento e conservación das nosas costas.*
- *Por en coñecemento das autoridades e organismos competentes, cantas irregularidades se aprecien nas nosas costas, praias e augas.*
- *Desenvolver de xeito activo todas cantas actividades sexan posibles dirixidas aos nenos e nenas, así como a mocidade para que desde o coñecemento do medio mariño participen activamente no mantemento da flora, fauna, así como das artes e embarcacións artesanais. Todo isto para que poidan adquirir coñecemento da mar e aproveitamento do tempo libre.*
- *Coidar, manter e administrar calquera instalación cedida por calquera organismo competente, Concello, Autoridade Portuaria, Xunta de Galicia, etc. ou que sexa propiedade desta Asociación.*
- *Recuperar e construír réplicas de embarcacións tradicionais como Dornas, Gamelas, Buceta, Racú, Botes polbeiro e outros, sen esquecer os xa famosos faluchos, orixinais de Bouzas.*
- *Desenvolver actividades de lecer tanto deportivas como culturais, participando coas embarcacións tradicionais propiedade da asociación ou aquelas que se xestionen*



*directamente en xuntanzas, encontros e varadas a celebrar principalmente polas costas galegas e norte de Portugal, e de xeito excepcional en encontros internacionais de embarcacións tradicionais como é o caso das que se celebran nas cidades de Douarnez e Brest na bretaña francesa.*

Que, dentro das actividades a desenvolver pola "Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas" para este ano 2022 sobre a difusión da cultura mariñeira están, entre outras, as que figuran na proposta de acordo presentada pola asociación.

**II.-** Que dende o Concello de Vigo estase a difundir esta cultura mariñeira dende hai moitos anos. O Concello de Vigo dispón, na actualidade, das seguintes embarcacións tradicionais:

- "Vigo 05" Traiña de 11,25 m de eslora e 2,59 m de manga
- "Praia do Vao" bote polbeiro de 4,80 m de eslora e 2,20 m de manga
- "Praia da Fontaiña" gamela coruxeira de 4,5 m de eslora e 1,65 m de manga.
- "Coruxo" galeón de 11 m de eslora e 3,30 m de manga.
- "Illa de Toralla" Dorna tope. De eslora 7,27, manga 2,49. Monta vela de relinga.

**III.-** Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social e cultural entre as que destacan as seguintes:

- Reparación e carenado das embarcacións tradicionais.
- Actividade semanal para o ensino da navegación en embarcacións tradicionais (maio- setembro).
- Participación en encontros de embarcacións tradicionais (A Guarda, Moaña, Bueu, escenificacións da Batalla de Rande...)
- Concurso de pesca dende as embarcacións tradicionais en modalidade libre
- Concurso de pesca infantil
- Concerto de Canción Mariñeira
- Navegacións da flota tradicional co alumnado das entidades sociais da cidade.

**IV.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é ofrecer a difusión da cultura mariñeira dando a coñecer as embarcacións tradicionais tanto as da asociación como as de propiedade municipal (traíña, bote polbeiro, gamela coruxeira, galeón e dorna de tope) para a realización deste tipo de actividades de difusión na nosa cidade.

**V.-** Que a entidade Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas non está incurso en prohibicións para ser beneficiaria das subvencións, estando ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non tendo débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que se achegan no expediente.

**VI.-** De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), a Asociación de Mariñeiros Artesanais de

Bouzas atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 490/96.

**VII.-** Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240 4890013, denominada, “Convenio Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas” nominativa a favor da entidade, con unha consignación orzamentaria de 16.000 €.

**VIII.-** Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas entre o 01/10/2021 ata o 30/09/2022, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

<b>ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (01/10/2021-30/09/2022)</b>	
Mantemento embarcacións	4.000,00 €
Mantemento pantaláns	6.500,00 €
Autorización administrativas/impostos	3.500,00 €
Subministro eléctrico e abastecemento de auga	2.000,00 €
Formación e participación, encontros tradicionais	1.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>17.000,00 €</b>

**IX.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, deportivo, cultural e turístico que para a nosa cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas, o Concello de Vigo e a dita Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas conveñen no ámbito da difusión da cultura mariñeira e a concesión da referida subvención en base aos seguintes:

## **PACTOS**

**Primeiro.-** A Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas comprométese a colaborar coa Concellería de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo, a seguir traballando na difusión da cultura mariñeira por medio das actividades propias da asociación, así como, do ensino sobre o mantemento e conservación das embarcacións tradicionais de propiedade municipal (traíña, galeón, bote polbeiro, gamela coruxeira e dorna de tope) e á realización de actividades culturais e deportivas relacionadas coa cultura mariñeira da cidade e, concretamente, a:

1. Realizar as actividades culturais, de formación, deportivas, de lecer e de difusión conforme á programación proposta para a difusión da cultura mariñeira e das

embarcacións tradicionais. Por medio de xornadas de portas abertas, cursos semanais de navegación nestas embarcacións, concursos de pesca no mar, etc....

2. Coidar e administrar calquera tipo de embarcacións para o seu perfecto estado de uso e conservación, promovendo as mesmas non só en terra senón tamén no seu manexo no mar.

3. Realizar as xestións administrativas con capitanía marítima e outras administracións así como os tramites oportunos para que as embarcacións se atopen en toda regra para o seu uso e poder realizar as accións de difusión da cultura mariñeira.

4. Utilizar as embarcacións propias e municipais para a participación en encontros, xuntanzas e xornadas de mar e en xeral, promover non só a cultura mariñeira ou as embarcacións tradicionais senón tamén a nosa cidade como referente deste tipo actuacións de difusión a realizar dende a Asociación.

5. Acoller ás embarcacións municipais nos pantaláns de uso desta Asociación, para promover coas embarcacións propias da asociación todo este ben facer de recuperación das artes mariñeiras e das embarcacións tradicionais empregadas para tal fin (Traíña "Vigo 05", Bote Polbeiro "Praia do Vao", Gamela Coruxeira "Praia da Fontaiña", Galeón "Coruxo", Dorna "Tope").

6. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.

7. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto á correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.

8. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

9. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

10. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

11. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as entidades beneficiarias deste tipo de subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1.Colaborar coa Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas, na realización de actividades de difusión e coñecemento da cultura mariñeira, tanto nas dirixidas aos nenos e nenas en idade escolar, coma a todo o público en xeral.

2.Emprestar as embarcacións tradicionais de propiedade municipal (traíña, galeón, bote polbeiro, gamela coruxeira e dorna de tope) para a realización de actividades de difusión da cultura mariñeira da nosa cidade comprometéndose a Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas en mantelas no mesmo estado no que se lles entrega.

3.Conceder directamente á entidade, de Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas, unha subvención por importe de 16.000,00€ con cargo á partida partida 9240 4890013 “Convenio Asociación Mariñeiros Artesanais” do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2022, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración responsable de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade

subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 50 % do importe da actividade subvencionada. Non podendo ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

**Sétimo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estarán integramente en idioma galego.
- O concelleiro de Participación Cidadá e Festas dará a súa conformidade ás probas dos recursos publicitarios que se empreguen.
- De todo o material editado, entregaranse 5 exemplares ao Concello.
- As actividades, servizos ou produtos ofertados pola Asociación poderán requirir unha achega económica por parte dos usuarios e usuarias, co obxecto de financiar o seu custo (billetes, entradas, rifas, etc...). Neste caso, a Asociación solicitará previamente, a conformidade da Concellería de Participación Cidadá e Festas, dos correspondentes prezos para cada un dos casos.
- A difusión nos medios de comunicación das informacións sobre as actividades programadas, mediante roldas de prensa, entrevistas, traballos, difusión de noticias, etc, deberán estar previamente acordadas coa Concellería de Participación Cidadá e Festas.

Todo material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal.

**Oitavo.-** En cumprimento das normas de transparencia esixidas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, o convenio deberá publicarse no Portal de transparencia do Concello de Vigo e deberá rexistrarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Noveno.-** A beneficiaria ten como prazo máximo ata o **15 de novembro de 2022**, para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación beneficiaria está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía

electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula

o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A tal efecto deberá achegar a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitud de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Unha memoria final do programa de actividades, asinada electrónicamente, obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual. Indicaranse as actividades realizadas e os resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte documentación: denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado; datas e lugar de celebración; colectivo afectado, nº de beneficiarios e programación desenvolvida; nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes; actuacións realizadas; exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

c) A memoria económica da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos á que se xuntarán as **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente** e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente.

d) Reflectiranse nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias asinadas electrónicamente, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarse, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE) e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

e) Dos documentos xustificativos relacionados que deben cubrir como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando de inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o de pagamento

f) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.

g) Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

h) Declaración responsable asinada electrónicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade ou proxecto subvencionado.

- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustificuen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

i) No caso de solicitar un anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

j) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Participación Cidadá e Festas, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

**Décimo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

**Décimo primeiro.-** A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES94 2080 5016 04 3040017025.

**Décimo segundo.-** A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou



subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando alomenos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

**Décimo terceiro-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada no período comprendido entre o 01/10/2021 e o 30/09/2022.

**Décimo cuarto.-** A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Participación Cidadá dependente da Concellaría de Participación Cidadá e Festas. A xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Participación Cidadá e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo sexto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo sétimo.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou no seu caso, o Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o RD 5/2000, de 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

**Décimo oitavo.-** A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obligatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do

Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

**Décimo noveno.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Vixésimo.-** O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2022).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

**9(922).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO EXPEDIENTE DE NOMEAMENTO INTERINO DE 4 AUXILIARES ADMINISTRATIVOS PARA DISTINTOS SERVICIOS. EXPTE. 39900/220.**

Visto o informe de fiscalización do 26/10/2022, dáse conta do informe-proposta de data 20/10/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I.- Con data 14/10/2022, a Xunta de Goberno Local aprobou acordo de nomeamento de 4 funcionarias/os interinas/os con cargo as prazas vacantes de auxiliares de administración xeral incluídas na OEP 2021 aos seguintes aspirantes L. Olmos Pita con DNI \*\*\*4551\*\*, J. Lorenzo Vázquez con DNI \*\*\*3131\*\*, M. Lamas Martínez con DNI \*\*\*8251\*\* e B. A. Fernández Iglesias con DNI \*\*\*5354\*\* de conformidade co disposto no art. 10.1. a) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, para distintos servizos (expte 39900-220)

Elo co seguinte custe económico: "O custo para 4 postos cod. 138-Auxiliar, no caso de que iniciase a súa relación no mes de outubro, con cargo as partidas orzamentarias: 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte:

	S.Base	CD	CE	S.social empr.	Total
3 meses	2.339,50	1.367,98	2.489,31	1.939,11	8.135,89

Polo que o custo total para 4 auxiliares sería de 32.543,56 €".

II.- De oficio, advertiuse un erro no código de tres postos 138-Auxiliar, de xeito que consta 4 postos cod. 138-Auxiliar", cando debería ser "3 postos cod. 377-Auxiliar atención público ventanilla e 1 posto cod. 138- Auxiliar".

III.- Consta informe técnico, segundo o cal:

*"O custo para 1 posto cod. 138-Auxiliar e 3 de Auxiliar cod. 377, de iniciarse a súa relación o 20/10/2022, con cargo as partidas orzamentarias: 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte:*

S.Base	CD	CE	S.social empr.	Total
6.565,44	3.799,92	8.430,26	6.054,11	24.849,74

*Polo que o custo total para de 1 auxiliar cod. 138 e 3 auxiliares cod. 377 sería de 24.849,74 €.*

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

I.- O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece que as Administracións Públicas poderán, así

mesmo, rectificar en calquera momento, do oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

**II.-** Advertido erro en relación ao código do posto - “4 postos cod. 138-Auxiliar”, cando debería ser “3 postos cod. 377-Auxiliar atención público ventanilla e 1 posto cod. 138-Auxiliar”, resulta procedente a súa rectificación, co custe económico correspondente aos referidos postos.

En canto o custo, segundo informe técnico: “O custo para 1 postos cod. 138-Auxiliar e 3 de Auxiliar cod. 377, de iniciarse a súa relación o 20/10/2022, con cargo as partidas orzamentarias: 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte:

S.Base	CD	CE	S.social empr.	Total
6.565,44	3.799,92	8.430,26	6.054,11	24.849,74

Polo que o custo total para de 1 auxiliar cod. 138 e 3 auxiliares cod. 377 sería de 24.849,74 €.

### **III.- Sometemento a fiscalización previa.**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

En consecuencia, vistas as competencias da concelleira-delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, delegacións competenciais por Decreto da Alcaldía do 16/04/2021, acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021, Resolución da Alcaldía

do 06/09/2022 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/09/2022 así como as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta en materia de persoal, contidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

**“Primeiro.-** Rectificar ao abeiro do art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común, o erro detectado de oficio no acordo da Xunta de Goberno Local de data 14/10/2022 de xeito que:

- Onde dí: 4 postos cod. 138-Auxiliar”, debería ser “3 postos cod. 377-Auxiliar atención público ventanilla e 1 posto cod. 138- Auxiliar”.

Onde di: O custo para 4 postos cod. 138-Auxiliar, no caso de que iniciase a súa relación no mes de outubro, con cargo as partidas orzamentarias: 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte:

	S.Base	CD	CE	S.social empr.	Total
3 meses	2.339,50	1.367,98	2.489,31	1.939,11	8.135,89

Polo que o custo total para 4 auxiliares sería de 32.543,56 €.”

Debe dicir: “O custo para 1 posto cod. 138-Auxiliar e 3 de Auxiliar cod. 377, de iniciarse a súa relación o 20/10/2022, con cargo as partidas orzamentarias: 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte:

S.Base	CD	CE	S.social empr.	Total
6.565,44	3.799,92	8.430,26	6.054,11	24.849,74

Polo que o custo total para de 1 auxiliar cod. 138 e 3 auxiliares cod. 377 sería de 24.849,74 €.

**Segundo.-** Notificar a presente resolución aos interesados, persoal integrado no grupo II da Área de Recursos Humanos e Formación para os efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(923).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á FUNDACIÓN MARCO PARA REALIZACIÓN DA EXPOSICIÓN "LAXEIRO E A ARTE DA SÚA ÉPOCA DURANTE O EXERCICIO 2023". EXPTE. 3253/341.**

Visto o informe xurídico do 5/10/2022 e o informe de fiscalización do 27/10/2022, dáse conta do informe-proposta de data 16/09/2022, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 18 de xullo de 2022, a FUNDACIÓN MARCO presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento da EXPOSICIÓN "LAXEIRO E A ARTE DA SÚA ÉPOCA", a desenvolver do 23 de febreiro ao 21 de xullo do 2023; por este motivo, o día 9 de setembro pasado, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase a tramitación do expediente de subvención, polo importe de 120.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3330.489.00.04 existente no orzamento municipal vixente ("Marco. Exposición Aniversario Pintor Laxeiro")

1.- ANTECEDENTES. Fundación Marco e Concello de Vigo.-

O Pleno do Concello de Vigo do 29 de xullo de 2002, por unanimidade, acordou a súa participación na Fundación Marco, como entidade fundadora e aprobar os Estatutos da Fundación. Con data 22 de outubro de 2002, constitúese a Fundación Marco, CIF G36909885, na Casa do Concello de Vigo, en escritura pública diante do notario Mariano Vaqueiro Rumbao, protocolo num 2.100.

A Fundación Marco está dedicada á realización de actividades culturais de investigación, educación, formación, conservación, exhibición e difusión da arte e da cultura contemporáneas, con particular atención á produción artística da Comunidade Galega, así como a estatal e internacional, mediante a adquisición, a conservación, o estudo, a exposición e interpretación educativa de obras de arte contemporánea, ao tempo que deberá impulsar a estimulación da sensibilidade da sociedade cara á cultura actual.

O Padroado da Fundación Marco na sesión 25 de outubro de 2018 acordou aprobar os Estatutos Consolidados da Fundación e prodúcese a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego por resolución do 11 de marzo de 2019.

A Fundación Marco, foi clasificada de interese cultural, por Orde de 13 de decembro de 2002, da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública (DOG núm 2, do 3 de xaneiro de 2003); e foi declarada de interese galego e inscrita no Rexistro de Fundacións por Orde de 15 de xaneiro de 2003 da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo (DOG núm 24, do 4 de febreiro de 2003).

2.- PROGRAMA E ORZAMENTO OBXECTO DE SUBVENCIÓN.-

A Fundación Marco presenta proposta para organizar a EXPOSICIÓN "LAXEIRO E A ARTE DA SÚA ÉPOCA", que se desenvolvería nas salas frontais do primeiro andar do Museo Marco, entre o 23 de febreiro e o 21 de xullo de 2023.

A Fundación Amrcó xustifica a celebración da exposición nas datas indicadas do exercicio 2023, en que a Real Academia de Belas Artes decidiu adicar o Días das Artes 2022 ao pintor Laxeiro, promovendo actos que se celebrasen entre esa datas e o 1 de abril de 2023. A exposición trata por primeira vez de ofrecer unha selección de obras propias do artista e poñelas en contexto coa arte da súa época. Por este motivo, contarase con obras de museos nacionais que teñen un proceso de préstamos longo e moi garante polo valor das

obras involucradas (obras de Solana, Vázquez Díaz, Benjamín Palencia, Ortega Muñoz, Saura, Canogar, Barcala...). Este proceso administrativo previo conleva que non sexa posible realizar a inauguración desta exposición dentro do presente exercicio. O Concello de Vigo considera de enorme interese cultural e social a realización da exposición proposta, polo que non tería inconveniente en que se desenvolvese no exercicio 2023, subvencionado co orzamento municipal vixente.

A memoria económica que se achega a esta proposta, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa polo importe total de 120.406 € (cento vinte mil catrocentos seis euros):

**LAXEIRO E A PINTURA DA SÚA ÉPOCA  
FRONTAIS PRIMEIRO ANDAR  
ORZAMENTO EXPOSICIÓN**

CONCEPTOS	MARCO	
<b>1 TRANSPORTE</b>		
Concentración obras MARCO	15.000,00	
Dispersión obras prestadores	11.000,00	<b>26.000,00</b>
<b>2 PRODUCCIÓN</b>		
Producción obras / enmarcados / conservación	9.000,00	
		<b>9.000,00</b>
<b>3 MONTAXE E DESMONTAXE</b>		
Montaxe	7.500,00	
Desmontaxe	4.000,00	<b>11.500,00</b>
<b>4 SEGURO</b>		
Obras	3.000,00	
		<b>3.000,00</b>
<b>5 ROTULACIÓN E DIFUSIÓN</b>		
Rotulación exterior e salas de exposición	2.500,00	
Folletos, invitación, cartelas, imprenta	1.500,00	
		<b>4.000,00</b>
<b>6 DESPRAZAMENTOS E DIETAS</b>		
Viaxes de traballo correos Museos e comisariado	6.000,00	
		<b>6.000,00</b>
<b>7 HONORARIOS</b>		
Equipo de traballo	8.500,00	
Comisariado	0,00	
		<b>8.500,00</b>
<b>8 ACTIVIDADES</b>		
Conferencia de prensa, convidados, visitas guiadas	3.000,00	
		<b>3.000,00</b>
<b>9 ATENCIÓN AO PÚBLICO, VISITAS DE SALAS</b>		
Persona de atención ao público no 1º andar, 3.274,26		
		<b>9.822,78</b>
<b>10 TALLERES ESCOLARES E FIN DE SEMANA</b>		
Talleres de escolares e fin de semana 3.194,40		
		<b>9.583,20</b>
<b>11 SEGURIDADE</b>		
Seguridade 5.815,47 €/ mes		
		<b>17.446,41</b>
<b>TOTAL EXPOSICIÓN</b>		<b>90.406 €</b>



<b>LAXEIRO E A PINTURA DA SÚA ÉPOCA FRONTAIS PRIMEIRO ANDAR ORZAMENTO PUBLICACIÓN</b>	
<b>CONCEPTOS</b>	<b>MARCO</b>
<b>1 AUTORES DOS TEXTOS</b>	
Textos comisario, protocolo, críticos	3.500,00
	<b>3.500,00</b>
<b>2 TRADUCION DOS TEXTOS</b>	
Tradución ao castelán/inglés/galego	2.500,00
	<b>2.500,00</b>
<b>3 FOTOGRAFIA</b>	
Fotografía e dixitalización	4.000,00
	<b>4.000,00</b>
<b>4 DESENO</b>	
Deseño	3.000,00
	<b>3.000,00</b>
<b>5 MAQUETACION</b>	
Maquetación	1.500,00
	<b>1.500,00</b>
<b>6 REVISION</b>	
Revisión	
	<b>0,00</b>
<b>7 EDICION</b>	
Edición	2.000,00
	<b>2.000,00</b>
<b>8 DISTRIBUCION</b>	
Distribución Galicia España e Bos Aires	1.500,00
	<b>1.500,00</b>
<b>9 IMPRENTA E ENCADERNACION</b>	
	12.000,00
	<b>12.000,00</b>
<b>TOTAL PUBLICACIÓN</b>	<b>30.000 €</b>

A Fundación Marco declara que para este proxecto non se teñen solicitado outras axudas ou subvencións.

### **ANTICIPOS.-**

A Fundación MARCO, co obxecto de garantir a súa liquidez e facilitar os seus movementos de tesourería para a realización do proxecto, considera que se lle asignen anticipos a conta de acordo con seguinte calendario:

1. Primeiro anticipo do 50% do importe da subvención (60.000 €) tralo acordo de concesión da XGL e previa solicitude da Fundación antes do 15 de decembro de 2022.
2. Segundo anticipo de 30.000 € despois de ter xustificado o gasto do primeiro anticipo e trala inauguración da exposición.
3. Terceiro anticipo de 15.000 € despois de ter xustificado o gasto do segundo anticipo.
4. Cuarto pagamento e liquidación da subvención. Solicitar o importe restante de 15.000 € despois de ter xustificada a execución da totalidade do proxecto aprobado.

As bases 38.7 de execución do orzamento do Concello de Vigo establece:

*En supostos excepcionais, tras a motivación que o xustifique, polo órgano competente poderanse outorgar subvencións con xustificación diferida ata o límite do 50% do importe concedido; queda condicionada a liquidación desta a presentación e conformidade dos documentos orixinais que xustifiquen a realización da actividade. A segunda entrega e liquidación da mesma, esta condicionada a xustificación total do gasto, tendo en conta a aplicación a finalidade prevista como gasto elixible e a presentación da documentación xustificativa. Cabe a posibilidade de establecer nas bases ou se fose o caso na convocatoria un segundo ou posteriores anticipos, sempre e cando teña xustificado o primeiro ou anterior, non excedendo cada un deles o 50% da contía concedida pendente de xustificar.*

Á vista da solicitude da Fundación MARCO, tendo en conta as súas necesidades de liquidez durante a execución do proxecto compriría establecer un plan de pagamentos anticipados de acordo co establecido na citada base e co detalle establecido nas obrigas da entidade beneficiaria.

### **3.- DOCUMENTACIÓN.-**

Por parte da Fundación MARCO, tense presentado a seguinte documentación relativa ao expediente de subvención:

- Solicitude de subvención asinada polo Director da Fundación
- DNI do representante legal
- CIF da entidade
- Estatutos vixentes da Fundación Marco e capacidade do representante legal
- Memoria e orzamento da actividade a organizar pola Fundación MARCO
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria (dispoñible no Concello)
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas solicitadas e concedidas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

#### 4.- LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á FUNDACIÓN MARCO, para a organización da EXPOSICIÓN "LAXEIRO E A ARTE DA SÚA ÉPOCA", rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

A concesión da subvención directa á FUNDACIÓN MARCO deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2022, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello

#### 5.- ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

#### 6.- FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á FUNDACIÓN MARCO ten como obxecto financiar a realización da EXPOSICIÓN "LAXEIRO E A ARTE DA SÚA ÉPOCA", que figuran na aplicación orzamentaria 3330.489.00.04 "**MARCO. Exposición Aniversario Pintor Laxeiro**".

A subvención do Concello de Vigo á FUNDACIÓN MARCO é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

#### 7.- CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

#### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

**PRIMEIRO.-** “Aprobar a concesión directa dunha subvención á FUNDACIÓN MARCO, CIF: G36909885, por importe de 120.000 € (cento vinte mil euros), para o financiamento da realización da *EXPOSICIÓN “LAXEIRO E A ARTE DA SÚA ÉPOCA”*, que se desenvolverá do 23 de febreiro ao 21 de xullo de 2023 no Museo Marco, e autorizar e dispoñer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3330.489.00.04 “**MARCO. Exposición Aniversario Pintor Laxeiro**”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

**SEGUNDO.-** O pagamento da subvención poderá realizarse a través de pagamentos anticipados, de acordo co establecido na Base 38.7 de execucións do orzamento do Concello de Vigo e co detalle que figura nas obrigas da entidade beneficiaria.

**TERCEIRO.-** O resto do crédito comprometido que non chegue a pasar a recoñecemento de obriga, será incorporado aos remanentes de crédito no exercicio 2023, sempre e cando existan recursos financeiros adecuados e suficientes.

**CUARTO.-** As condicións que rexerán a subvención serán as seguintes:

#### **OBRIGAS DA FUNDACIÓN MARCO . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

- 1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA Don Miguel Fernández Cid, director da Fundación Marco.
- 2.Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3.Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 4.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 5.Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla no presente acordo, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención.
- 6.Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa polas canles oficiais.
- 7.Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

- 8.A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- 9.Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.
10. Cumprir estrictamente coas medidas que en cada momento establezan a autoridades sanitarias derivadas da COVID.

#### **OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades obxecto deste acordo.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (120.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

#### **MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto da concesión da subvención establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente acordo.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

#### **DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha

achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

#### Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

#### **PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto desta subvención e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

A beneficiaria poderá solicitar o pago anticipado de ata o 50% do importe total da subvención proposta, que será abonado á beneficiaria mediante transferencia bancaria, trala aprobación da resolución de adxudicación da subvención co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. A estes efectos e conforme ao artigo 42.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a Fundación queda exonerada da constitución de garantía, para a tramitación de dito pago, por ser unha entidade fundacional sen ánimo de lucro coa finalidade de promoción do comercio local.

O pagamento realizarase según o seguinte:

1. Primeiro anticipo do 50% do importe da subvención (60.000 €) tralo acordo de concesión da XGL e previa solicitude da Fundación antes do 15 de decembro de 2022.

2. Segundo anticipo de 30.000 € despois de ter xustificado o gasto do primeiro anticipo e tra-la inauguración da exposición.
3. Terceiro anticipo de 15.000 € despois de ter xustificado o gasto do segundo anticipo.
4. Cuarto pagamento e liquidación da subvención. Solicitar o importe restante de 15.000 € despois de ter xustificada a execución da totalidade do proxecto aprobado.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

#### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2023.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu

número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

#### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2022 e 2023 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

#### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

### **XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.



Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

### **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicárallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### **REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

### **INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

### **DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

Os resultados froito desta subvención, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución da actividade que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes.

### **PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

A concesión desta subvención non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento da actividade.

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(924).- ENCOMENDA Á ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA FCC-VIGO UTE DA REDACCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA SILVANA”. EXPTE. 1445/441.**

Dáse conta do informe-proposta de data 27/10/2022, asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro.

No devandito plan figura un apartado denominado “outros investimentos”, que deben ser concretados nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data

06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- No punto III, relativo aos “Actos administrativos a través dos que se exercerá o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

IV.- Con data 24 de outubro de 2022 o Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipal e o Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente na **“RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA SILVANA”** . O devandito informe indica o seguinte:

*“A rúa Silvana, na parroquia de Lavadores, presenta unha acusada pendente (en torno ao 10%). A través desta rúa canalízase a rede de saneamento, que recolle unha bacía que abarca un amplo sector do barrio de Sampaio, augas arriba da Avenida do Aeroporto, recollendo tanto augas fecais como pluviais.*

*Ambos factores (acusadas pendentes e importantes caudais procedentes dunha ampla bacía) fan que, con ocasión de episodios de fortes chuvias a rede de saneamento da rúa Silvana presente problemas de capacidade hidráulica, provocando desbordamentos e afectando as vivendas colindantes, coas conseguíntes molestias aos veciños.*

*Polo exposto, resulta necesario renovar a rede existente de saneamento da rúa Silvana, aumentando a súa capacidade hidráulica e dotando a rede de pozos dimensionados adecuadamente para disipar enerxía, e limitando as turbulencias no fluxo da auga.*

*En base ao anterior, considérase que a **RENOVACIÓN DAS REDE DE SANEAMENTO NA RÚA SILVANA** é unha actuación necesaria que non debe demorarse.*

V.- A vista deste informe, con data 24 de outubro de 2022 o Concelleiro Delegado da Área de Fomento resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente proxecto técnico de obras de **“RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA SILVANA”**

VI.- O proxecto a redactar debera adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

#### ACORDO

Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do proxecto técnico das obras de **“RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA SILVANA”**

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(925).- ENCOMENDA Á ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA FCC-VIGO UTE DA REDACCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA RAMÓN MARÍA ALLER”. EXPTE. 1452/441.**

Dáse conta do informe-proposta de data 28/10/2022, asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro.

No devandito plan figura un apartado denominado “outros investimentos”, que deben ser concretados nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- No punto III, relativo aos “Actos administrativos a través dos que se exercerá o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

IV.- Con data 25 de outubro de 2022 o Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipal e o Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente na “**RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA RAMÓN MARÍA ALLER**”. O devandito informe indica o seguinte:

“A rede de abastecemento da rúa Ramón María Aller, desde o seu inicio na conexión coa rede da rúa Alfonso XIII e ata o final da rúa, consiste nunha tubaxe de fibrocemento de diámetro 100 mm. Esta tubaxe superou a súa vida útil, polo que resulta necesario estudar e valorar a súa substitución, para evitar interrupcións do servizo, danos en bens públicos e propiedades dos veciños, así coma perdas de auga non rexistradas.

Así mesmo, a rede de saneamento que transcorre pola citada rúa, consiste nunha tubaxe de formigón de diámetro 400 mm, que se conecta coa rede xeral no colector de diámetro 800 mm que baixa pola rúa Alfonso XIII. O seu estado actual tamén fai necesario o estudo da súa substitución.

En base ao anterior, considérase que a **RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA RAMÓN MARÍA ALLER** é unha actuación necesaria que non debe demorarse.”

**V.-** A vista deste informe, con data 27 de outubro de 2022 o Concelleiro Delegado da Área de Fomento resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente proxecto técnico de obras de **“RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA RAMÓN MARÍA ALLER “**

**VI.-** O proxecto a redactar debera adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

#### ACORDO

Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do proxecto técnico das obras de **“RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA RAMÓN MARÍA ALLER “**

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(926).- ENCOMENDA Á ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA FCC-VIGO UTE DA REDACCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DAS OBRAS DE “MELLORAS NA EDAR DE TEIS” . EXPTE. 1454/441.**

Dáse conta do informe-proposta de data 28/10/2022, asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

**I.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

**II.-** No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro.

No devandito plan figura un apartado denominado “outros investimentos”, que deben ser concretados nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

**III.-** No punto III, relativo aos “Actos administrativos a través dos que se exercitará o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

**IV.-** Con data 27 de outubro de 2022 o Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipal e o Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente nas obras de “ MELLORAS NA EDAR DE TEIS” . O devandito informe indica o seguinte:

“A EDAR de Teis foi executada durante os anos 2000 - 2001 pola Xunta de Galicia e pasou a explotación municipal o 1 de xuño de 2001.

Está ubicada nun recheo no litoral na zona de Rotea, e nela trátanse a maior parte das augas residuais de Teis, así como augas residuais procedentes de Chapela (Redondela), que chegan ata a EDAR dende o bombeo de Arealonga. A planta conta con liña de augas dotada de pretratamento, tratamento biolóxico de aireación prolongada, desinfección mediante U.V.; así como liña de fangos que conta con deshidratación de lodos mediante centrífuga.

Os caudais tratados actualmente pola planta superan amplamente os previstos cando foi deseñada. Este feito, xunto co tempo transcurrido dende a súa posta en servizo, fan necesario a execución dunha serie obras de mellora na EDAR, que permitan adecuar o equipamento existentes as condicións actuais, así como minorar as afeccións de olores na contorna.

Así, considérase necesario mellorar o equipamento de EDAR, principalmente en canto o control de caudais; adecuación do tanque de tormentas e pretratamento; melloras no tratamento biolóxico; adecuación da sala de cadros eléctricos; e actuacións sobre a liña de fangos que permitan diminuír os olores na contorna. Tamén se considera necesario ampliar o telecontrol e automatización de procesos, de cara a garantir unha mellor operación e control da planta.

Tendo en conta a situación e as circunstancias expostas, considérase que a actuación de “MELLORAS NA EDAR DE TEIS ” é unha actuación necesaria que non debe demorarse.”

V.- A vista deste informe, con data 28 de outubro de 2022 o Concelleiro Delegado da Área de Fomento resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente proxecto técnico de obras de **“MELLORAS NA EDAR DE TEIS”**

VI.- O proxecto a redactar debera adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

#### ACORDO

Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do proxecto técnico das obras de **“MELLORAS NA EDAR DE TEIS”**

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(927).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE PROXECTO VIGO VERTICAL DE "IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NA RÚA ESCULTOR GREGORIO FDEZ". EXPTE. 5542/443.**

Visto o informe de fiscalización do 28/10/2022, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 5 de abril de 2022, autoriza o gasto para a redacción do do proxecto Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil na rúa Escultor Gregorio Fernández' a prol da empresa Ordenación Territorial, Infraestructuras e Medio Ambiente S.L.

II.- Ordenación Territorial, Infraestructuras e Medio Ambiente S.L., presenta trala fase de supervisión do borrador o proxecto de “PROXECTO VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NA RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ” redactado polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Don Santiago J. Pérez Vázquez e Don Ignacio Teijeiro Calvo cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS CINCOCENTOSMIL CINCOCENTOS TRINTA E CINCO EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS (2.500.535,31 EUROS) e data xullo de 2022, firmado dixitalmente en data 27 de outubro de 2.022.

III.- O Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras e Infraestructuras, en data 10 de mai de 2022, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, con data 10.05.2022 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

**IV.-** As actuación teñen lugar na rúa Escultor Gregorio Fernández entre a rúa Via Norte e a Praza de Fernando O Católico, e consiste na remodelación urbana da rúa, unha reordenación de espazos e a implantación de cinco ramplas mecánicas destinadas á mellora da accesibilidade vertical peonil da vía xa que a rúa Escultor Gregorio Fernández presenta unha elevada pendente lonxitudinal.

Os traballos para a realización da obra enuméranse a continuación:

- Instalaranse cinco ramplas mecánicas de diferentes lonxitudes pero características similares, todas de 1,10 m de anchura
- En canto ao abastecemento de auga potable soamente será necesario realizar a conexión coa rede da rúa Tercio de Afora e un pequeno retranqueo para a instalación das ramplas, mediante canalizacións de fundición dúctil de diámetros 100 mm e 150 mm.
- A rede de fecais verase renovada na rúa Escultor Gregorio Fernández mediante tubaxes de PVC de 315 mm e 500 mm
- En canto á rede de pluviais verase completada con tubaxes de PVC de 250 mm e 315 mm.
- Construíranse zonas axardinadas cunha superficie total de 60 m<sup>2</sup> cunha rede de rega específica en tubaxe de PE por goteo.
- A iluminación pública verase substituído o cableado existente por un novo en cobre en tubaxe de 63 mm e 110 mm. Substitúese os grupos ópticos das luminarias da marxe dereita e dotarase a rúa de novas para aumentar o nivel de luminosidade.
- Instalaranse 1 banco de pedra con respaldo de madeira e 1 papeleira.
- Dotarase á rúa de nova sinalización horizontal e vertical

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (ONCE) 11 meses.

**V.-** O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos do programa Next Generation EU e a Enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asis. Municipal, emiten en data 27 de outubro de 2022, indicando o seguinte:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

## **CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**

**I.-** A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a



elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### ACORDO

Aprobar o “PROXECTO VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NA RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ” redactado polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Don Santiago J. Pérez Vázquez e Don Ignacio Teijeiro Calvo cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS CINCOCENTOSMIL CINCOCENTOS TRINTA E CINCO EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS (2.500.535,31 EUROS) e data xullo de 2022, firmado dixitalmente en data 27 de outubro de 2.022.

#### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(928).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLES E ADBLUE, DESTINADOS A FLOTA DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA MUNICIPAIS XESTIONADOS POLO SERVIZO DO PARQUE MÓBIL. EXPTE. 15373/445.**

Visto o informe xurídico do 25/10/2022 e o informe de fiscalización do 28/10/2022, dáse conta do informe-proposta do 24/10/2022, asinado pola técnica de Xestión e o técnico de Admón. Xeral de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

## **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local en data 14 de febreiro de 2019 acordou adxudicar a RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. o procedemento aberto para a contratación do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo servizo do parque móbil municipal (13.493-445).

Dito contrato foi formalizado en documento administrativo en data 21 de marzo de 2019, cun prazo de duración de dous anos, sendo a data de inicio do mesmo o 22 de marzo de 2019, e contemplando a posibilidade de dúas prorrogas dun ano de duración cada unha.

**Segundo.-** En data 18 de marzo de 2021 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo servizo do Parque Móbil municipal (13493-445), formalizado coa entidade mercantil RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. polo período comprendido dende o 22/03/2021 ata o 21/03/2022.

**Terceiro.-** En data 3 de marzo de 2022 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a segunda prórroga dun ano de duración do vixente contrato do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo servizo do Parque Móbil municipal (13493/445), formalizado coa entidade mercantil RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. polo período comprendido desde o 22/03/2022 ata o 21/03/2023.

**Cuarto.-** O referido contrato atópase actualmente en vigor, rematando o vindeiro 22 de marzo de 2023, motivo polo cal resulta necesario proceder á preparación da contratación do novo subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo servizo do parque móbil municipal do Concello de Vigo.

**Quinto.-** Defínense con precisión no informe de necesidade as necesidades que pretenden cubrirse a medio do contrato para o cumprimento e realización dos fins institucionais. Constitúe o obxecto do contrato o subministro de combustibles a través de estacións de servizo de gasóleo A (B7) e gasolina/95 (E5) destinado á flota de vehículos de titularidade municipal e autorizados, así como subministro de ADBLue.

**Sexto.-** En base ao referido Informe que xustifica adecuadamente a necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, no uso das competencias atribuídas pola vixente lexislación, acordou o inicio da contratación a medio de Decreto de data 13.9.2022.

**Sétimo.-** No expediente inclúese a seguinte documentación:

- a) Informe de necesidade e idoneidade da contratación asinado en data 12.09.2022 Técnica de Xestión da Área de Fomento, polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos, así como polo Técnico de Administración Xeral.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de
- c) Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos, en data 26.09.2022.

d).Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 6 e 7 de outubro de 2022.

e).- Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de contratación de data 7.10.2022.

f).-Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de contratación de data 10.10.2022.

g) Dilixencia remitida pola Asesoría Xurídica para corrección do PCAP en data 20.10.2022.

H) Corrección do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de contratación de data 21.10.2022.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o contrato.

**Terceiro.-** De conformidade co artigo 116 LCSP, o contrato foi iniciado polo órgano de contratación motivando a necesidade segundo o establecido no artigo 28 do texto legal.

**Cuarto.-** O expediente xustifica suficientemente a necesidade e idoneidade do contrato segundo o artigo 28 e 116.4 LCSP; a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custos laborais (artigo 116.4.d e 101 LCSP ); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145 LCSP); a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP; así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); a elección do procedemento aberto segundo o establecido no artigo 156 LCSP , así como o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 21 LCSP.

**Quinto.-** Consta na memoria xustificativa da contratación elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos no artigo 7.3 da L.O. 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do Concello.

Trátase dun suposto de tramitación anticipada dos previstos no artigo 117.2 LCSP e carácter plurianual, motivo polo cal a adxudicación do contrato queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato nos exercicios correspondentes de conformidade co disposto na Disposición Adicional Terceira, apartado 2 da LCSP.

**Sexto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

**Sétimo.-** A aprobación do expediente de contratación de conformidade coa Disposición Adicional Segunda apartado 4 da LCSP, correspóndelle á Xunta de Goberno Local nos Municipios de Gran Poboación na súa calidade de órgano de contratación.

Polo exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, documento contable e informe de fiscalización, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**Primeiro.-** Aprobar o presente expediente de contratación para a contratación do **SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLES E ADBLUE, DESTINADOS A FLOTA DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA MUNICIPAIS XESTIONADOS POLO SERVIZO DO PARQUE MÓBIL**, que se seguirá a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares asinado polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos, en data 26.09.2022.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de contratación de data 21.10.2022.

**Cuarto-** Autorizar o gasto o cal ascende a un máximo de **UN MILLÓN CENTO SESENTA E SEIS MIL DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS (1.166.250,00 €)**, sendo a partida correspondente ao IVE de 202.407,02 €.

Por ter tratarse dun gasto anticipado e ter o financiamento carácter plurianual, establécese a correspondente condición suspensiva de existencia de crédito nos exercicios correspondentes, sendo o mesmo con cargo á aplicación orzamentaria 9202.221030- Combustible e carburantes, e segundo a seguinte distribución por anualidades:

Anualidade	2023	2024	2025	2026	TOTAL
Lote 1	301.000,00 €	387.000,00 €	387.000,00 €	86.000,00 €	1.161.000,00 €

Anualidade	2023	2024	2025	TOTAL
Lote 2	2.236,13 €	2.625,00 €	388,87 €	5.250,00 €

**Quinto.-** Abrir o procedemento de adxudicación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Aceptación da proposta de subvención aprobada pola resolución provisional da convocatoria de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Expte. 1253/441.
- .- Proposta de aprobación do proxecto de “recuperación do sistema dunar na praia de Samil, Fase I (entre concesión administrativa Camaleón e punta de Samil)”. Expte. 5210/443.
- .- Aprobación definitiva do Proxecto de urbanización do polígono único da área de reparto en SUNC AR-I-O1 Barrio do Cura. Expte. 5282/401.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

#### **16(929).- ACEPTACIÓN DA PROPOSTA DE SUBVENCIÓN APROBADA POLA RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS DE TITULARIDADE PÚBLICA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. EXPTE. 1253/441.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 02/11/2022, dáse conta do informe-proposta de data 31/10/2022, asinado pola xefa do Servizo de Patrimonio Histórico, o xefe da Área de Investimentos, o técnico de Admón. Xeral de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos e pola concelleira-delegada da Área de Economía e Fondos Europeos, que di o seguinte:

## **I.- ANTECEDENTES:**

1.- Con data de 11 de marzo de 2022, o BOE publica a Orde TMA/178/2022, de 28 de febreiro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública e a convocatoria para a presentación de solicitudes polo procedemento de concorrencia competitiva no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras, requisitos e procedementos para a selección e concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a rehabilitación de edificios cuxa titularidade corresponda ás Entidades Locais e que estean ou vaian estar destinados a un uso público, por un importe de seiscentos millóns de euros provenientes do fondo europeo asignado ao MRR.

A finalidade de tales créditos é a de financiar aquelas actuacións que, no marco dunha rehabilitación integral, garantan o cumprimento dos requisitos establecidos polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) aprobado por Acordo do Consello de ministros de 27 de abril de 2021 e detallados no Programa de Impulso á Rehabilitación de Edificios Públicos (PIREP). Así mesmo, e de conformidade coa coherencia das políticas deste Ministerio, as actuacións que sexan obxecto de financiamento deberán ter un carácter integrado, no sentido definido pola Axenda Urbana Española (AUE), e responder os criterios de sustentabilidade, inclusión e calidade estética previstos pola Nova Bauhaus Europea.

2. O programa de axudas descrito nestas bases contribúe á consecución dos obxectivos xerais da Política Panca 1 «Axenda urbana e rural, loita contra o despoboamento e desenvolvemento da agricultura» e, concretamente ao Investimento 5, da Compoñente 2 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, denominada «Implementación da Axenda Urbana Española: Plan de Rehabilitación e Rexeneración Urbana»

Poderán ter a consideración de beneficiarias destas axudas as Entidades Locais, entendendo por tales os municipios, con independencia do seu tamaño e poboación, as Deputacións Provinciais, os Cabildos e Consells insulares que sexan titulares dun inmovible que cumpra as condicións esixidas por esta convocatoria.

3.- A Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente do 25 de abril de 2022 adoptou o seguinte acordo:

**Primeiro:** *Aprobar a presentación dos seguintes proxectos á LINEA 1 da CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS DE TITULARIDADE PÚBLICA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, DE ACORDO COA ORDE TMA/178/2022, DE 28 DE FEBREIRO DE 2022 PUBLICADA POLO MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA. Os proxectos desenvolveranse de acordo co seguinte programa de actuacións e alcance económico:*

**OBRAS DE REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO PAZO DÁ RAPOSEIRA EN SAN PEDRO DE SARDOMA.**

<b>Actuacións tipo A +A.bis.</b> As intervencións encamiñadas á <b>mellora da eficiencia enerxética dos edificios públicos</b> , con coeficiente de contribución climática do 100 % (de acordo co previsto no anexo VIN do Regulamento (UE) n.º 2021/241).	<b>1.067.880,83 €</b>
<b>Actuacións tipo B +B.bis.</b> As intervencións destinadas a mellorar a <b>sustentabilidade ambiental en materia de auga, uso de materiais, xestión de residuos, adaptación ao cambio climático e protección da biodiversidade</b> , con coeficiente de contribución climática do 40 %.	<b>89.487,04 €</b>
<b>Actuacións tipo C + C.bis.</b> As intervencións orientadas a mellorar a <b>accesibilidade</b> . Aquelas que eliminen barreiras e melloren a accesibilidade física, cognitiva e sensorial.	<b>177.109,50 €</b>
<b>Actuacións tipo D + D.Bis</b> As intervencións destinadas a mellorar a <b>habitabilidade</b> .	<b>52.368,94 €</b>
<b>Actuacións tipo E + E.Bis.</b> As intervencións encamiñadas á <b>mellora na conservación dos edificios</b> .	<b>184.245,06 €</b>
<b>Importe total sen IVE</b>	<b>1.570.995,77 €</b>
<b>IVE</b>	<b>329.909,12 €</b>
	<b>1.900.904,88 €</b>
<b>Gastos financiados Tipo "A" (100%)</b>	<b>1.067.369,67 €</b>
<b>Resto de actuacións financiados (B+D) (85%)</b>	<b>428.082,19 €</b>
<b>TOTAL SOLICITUDE DE GASTOS FINANCIADOS</b>	<b>1.495.451,86 €</b>

**OBRAS DE MELLORA DAS CONDICIÓNS AMBIENTAIS DO MUSEO QUIÑONES DE LEÓN - PAZO DE CASTRELOS. VIGO**

<b>Actuacións tipo A</b> .As intervencións encamiñadas á <b>mellora da eficiencia enerxética dos edificios públicos</b> , con coeficiente de contribución climática do 100 % (de acordo co previsto no anexo VIN do Regulamento (UE) n.º 2021/241).	<b>1.121.649,15 €</b>
<b>Actuacións tipo B.</b> As intervencións destinadas a mellorar a <b>sustentabilidade ambiental en materia de auga, uso de materiais, xestión de residuos, adaptación ao cambio climático e protección da biodiversidade</b> , con coeficiente de contribución climática do 40 %.	<b>25.668,92 €</b>
<b>Actuacións tipo D.</b> As intervencións destinadas a mellorar a <b>habitabilidade</b> .	<b>182.992,89 €</b>
<b>Outras actuacións</b>	<b>47.383,63 €</b>
<b>Importe total sen IVE</b>	<b>1.377.694,60 €</b>
<b>IVE</b>	<b>289.315,87 €</b>
	<b>1.667.010,47 €</b>
<b>Gastos financiados Tipo "A" (100%)</b>	<b>1.121.649,15 €</b>
<b>Resto de actuacións financiados (B+D) (85%)</b>	<b>177.362,54 €</b>
<b>TOTAL SOLICITUDE DE GASTOS FINANCIADOS</b>	<b>1.299.011,69 €</b>

O proxecto executarase de acordo co seguinte cronograma:

			inicio	fin
--	--	--	--------	-----

1	Redacción de proxecto básico	Proxecto existente		
	Proxecto de execución para inicio de tramite de aprobación	Prazo redacción proxecto	01/05/2022	30/05/2022
2	Obtención de licenza urbanística ou autorización necesaria.	Tramite de informes sectoriais	30/05/2022	28/08/2022
3	A probación do Proxecto de Execución polo órgano competente.	Tramitación para aprobación definitiva XGL	28/08/2022	27/09/2022
4	A adjudicación da obra.	Proceso de licitación, adjudicación e formalización do contrato	27/09/2022	26/03/2023
5	Acta de reformulo e comezo da obra.	Prazo para aprobación de plan de obra, CSS e formalización acta de comprobación reformulo	26/03/2023	25/05/2023
6	Certificado Final de Obra (CFO).	Tendo en conta o prazo de execución da obra.	25/05/2023	20/03/2024
7	Acta de recepción da obra sen observacións.	Prazo para pechar acta de recepción	20/03/2024	19/05/2024

En relación á execución orzamentaria das previsións indicadas no cronograma de execución, estas serán dotadas economicamente nos correspondentes exercicios orzamentarios, tendo en conta que o escenario orzamentario destas obrigacións quedará supeditado aos importes que resulten da resolución da convocatoria e a súa posterior aceptación por parte do Concello de Vigo.

**Segundo:** Aprobar a participación do Concello de Vigo coa presentación dos proxectos; OBRAS DE REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO PAZO DÁ RAPOSEIRA EN SAN PEDRO DE SARDOMA e OBRAS DE MELLORA DAS CONDICIÓNS AMBIENTAIS DO MUSEO QUIÑONES DE LEÓN - PAZO DE CASTRELOS. VIGO, á Linea 1 da CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS DE TITULARIDADE PÚBLICA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, DE ACORDO COA ORDE TMA/178/2022, DE 28 DE FEBREIRO DE 2022 PUBLICADA POLO MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA, aceptando de forma expresa o procedemento regulado nesta orde.

**Terceiro:** Aprobar o compromiso de financiamento da parte dos importes dos proxectos que se presentan que non ten a condición de gasto elixible de acordo coa ORDE TMA/178/2022, DE 28 DE FEBREIRO DE 2022 PUBLICADA POLO MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA, con regula a convocatoria, garantindo a súa execución dentro dos prazos establecidos na convocatoria.



**OBRAS DE REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO PAZO DÁ  
RAPOSEIRA EN SAN PEDRO DE SARDOMA.**

<b>Importe total sen IVE</b>	<b>1.570.995,77 €</b>
<b>IVE</b>	<b>329.909,12 €</b>
<b>IMPORTE TOTAL CON IVE</b>	<b>1.900.904,88 €</b>
<b>Gastos financiáveis Tipo "A" (100%)</b>	<b>1.067.369,67 €</b>
<b>Resto de actuacións financiáveis (B+D) (85%)</b>	<b>428.082,19 €</b>
<b>TOTAL SOLICITUDE DE GASTOS FINANCIABLES</b>	<b>1.495.451,86 €</b>
<b>Importe a Financiar polo CONCELLO</b>	<b>405.453,02 €</b>

**OuB NIVEL DE MELLORA DAS CONDICIÓNIS AMBIENTAIS DO MUSEO  
QUIÑONES DE LEÓN - PAZO DE CASTRELOS. VIGO**

<b>Importe total sen IVE</b>	<b>1.377.694,60 €</b>
<b>IVE</b>	<b>289.315,87 €</b>
<b>IMPORTE TOTAL CON IVE</b>	<b>1.667.010,47 €</b>
<b>Gastos financiáveis Tipo "A" (100%)</b>	<b>1.121.649,15 €</b>
<b>Resto de actuacións financiáveis (B+D) (85%)</b>	<b>177.362,54 €</b>
<b>TOTAL SOLICITUDE DE GASTOS FINANCIABLES</b>	<b>1.299.011,69 €</b>
<b>Importe a Financiar polo CONCELLO</b>	<b>367.998,78 €</b>

**Cuarto:** *Delegar no Segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da área de Fomento e Servizos, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira a competencia para a formalización da solicitude de subvención na convocatoria regulada pola ORDE TMA/178/2022, DE 28 DE FEBREIRO DE 2022 PUBLICADA POLO MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA, de acordo a o proxectos indicados no punto primeiro deste acordo.*

*Dita delegación alcanza para todos os efectos, a conformación final do contido da documentación obrigatoria, así como a execución de todos trámites administrativos necesarios que requira a presentación da mesma a través da plataforma creada para ese efecto dispoñible no enlace: <http://sede.mitma.gob.es//>, do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.*

4.- Con data 25 de outubro de 2022, por resolución do Director Xeral da Axenda Urbana e Arquitectura do Ministerio de Transportes Movilidade e Axenda Urbana, se procede a aprobar a RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS DE TITULARIDADE PÚBLICA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, en canto os proxectos presentados para a LINEA 1.

No apartado segundo da resolución indicase:

*Visto o informe de valoración aprobado na reunión do órgano colexiado a que se refire o art. 18 da OM, se resolve a concesión provisional das axudas facilitadas ás Entidades Locais que figuran no anexo I desta Resolución. Para cada solicitude beneficiaria indicase a actuación aprobada, a puntuación obtida segundo o establecido no artigo 16 da OM e a contía provisionalmente proposta para a concesión da axuda.*

*A actuación situada no posto 405 supón un importe provisional de 342.725,75 € e por elo o órgano instrutor considera oportuno incluíla na súa totalidade, de maneira que se establece, para a resolución provisional da liña 1, un importe total de 307.061.406,07 euros, establecendo deste modo a liña de corte na relación de solicitudes valoradas.*

A mesma resolución do apartado terceiro indica:

*De conformidade co artigo 24.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, delimitada polo art. 48.1 do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, **se concede un prazo de dez (10) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación desta Resolución Provisional, para presentar as alegacións que se estime convenientes e comunicar, se é o caso, e no mesmo prazo, a correspondente aceptación.** Unha vez transcorrido o prazo e o documentación pertinente, formularase a proposta de resolución definitiva. As Entidades locais propostos como beneficiarios para a concesión das axudas que se relacionan no anexo I tamén poderán manifestar a súa renuncia, se así o consideran, durante o mesmo período de alegacións.*

*Tanto a aceptación como a renuncia e as posibles alegacións presentaranse a través do plataforma creada para tal fin a través da ligazón: <http://sede.mitma.gob.es/>, tendo en conta que realizadas aquelas que eludan ou ignoran a citada vía.*

No apartado cuarto da resolución ven a indicarse que:

*Respecto dos expedientes que non figuran no anexo 1, entenderase que se atopan nunha destas tres situacións: inadmisibile en primeira instancia, excluída por incumprimento dos requisitos básicos desta convocatoria expresados nos artigos 4 a 6 da Orde TMA/178/2022 ou avaliado cunha puntuación inferior á liña de corte establecida.*

Desta resolución provisional, desprendese a concesión a favor do Concello de Vigo en base de acordo cos seguintes datos:

- Entidade: AYUNTAMIENTO DE VIGO
- Expediente: C2I5PL/22/00961

- Actuación: OBRAS DE REHABILITACIÓN Y ACONDICIONAMIENTO DEL PAZO DA RAPOSEIRA EN SAN PEDRO DE SARDOMA.
- Total de puntos: 46,00
- Importe: 1.495.451,86 €

## II.- PROPOSTA:

A vista dos antecedentes descritos e tendo en conta a resolución provisional de data 25 de outubro de 2022, por resolución do Director Xeral da Axenda Urbana e Arquitectura do Ministerio de Transportes Mobilidade e Axenda Urbana, se procede a aprobar a RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS DE TITULARIDADE PÚBLICA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, en canto os proxectos presentados para a LINEA 1, procede propoñer a ACEPTACIÓN da proposta de subvención e das condicións establecidas na propia resolución así como na Orde TMA/178/2022, de 28 de febreiro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública e a convocatoria para a presentación de solicitudes polo procedemento de concorrencia competitiva no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

En relación á execución orzamentaria das: “OBRAS DE REHABILITACIÓN Y ACONDICIONAMIENTO DEL PAZO DA RAPOSEIRA EN SAN PEDRO DE SARDOMA”, os créditos necesarios serán dotadas economicamente nos correspondentes exercicios orzamentarios, tendo en conta que o escenario orzamentario destas obrigacións quedará supeditado aos importes que resulten da resolución DEFINITIVA da convocatoria e a súa posterior aceptación por parte do Concello de Vigo.

Por todo o exposto e unha vez incorpórese ao expediente o correspondente informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local a aprobación dos seguintes acordos:

**Primeiro:** Aprobar a ACEPTACIÓN da proposta de subvención, recollida na resolución provisional de data 25 de outubro de 2022, por resolución do Director Xeral da Axenda Urbana e Arquitectura do Ministerio de Transportes Mobilidade e Axenda Urbana, se procede a aprobar a RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS DE TITULARIDADE PÚBLICA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, en canto os proxectos presentados para a LINEA 1, así como o cumprimento de todas as condicións establecidas na e das condicións establecidas na propia resolución así como na Orde TMA/178/2022, de 28 de febreiro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública e a convocatoria para a presentación de solicitudes polo procedemento de concorrencia competitiva no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de acordo coa seguinte proposta de subvención:

- Entidade: AYUNTAMIENTO DE VIGO

- Expediente: C2I5PL/22/00961
- Actuación: OBRAS DE REHABILITACIÓN Y ACONDICIONAMIENTO DEL PAZO DA RAPOSEIRA EN SAN PEDRO DE SARDOMA.
- Total de puntos: 46,00
- Importe: 1.495.451,86 €

**Segundo:** Delegar no Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro da área de Fomento e Servizos, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira a competencia para a formalización da solicitude de aceptación da subvención. Dita delegación alcanza para todos os efectos, a conformación final do contido da documentación requirida, así como a execución de todos os trámites administrativos necesarios da presentación da mesma a través da plataforma creada para ese efecto dispoñible no enlace: <http://sede.mitma.gob.es//>, do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17(930).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL, FASE I (ENTRE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA CAMALEÓN E PUNTA DE SAMIL)”. EXPTE. 5210/443.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 2/11/2022, dáse conta do informe-proposta do 31/10/2022, asinado polo técnico de Admón. Xeral de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

**I.-** O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 1 de marzo de 2021, autorizou o gasto para a redacción da da actualización do proxecto construtivo de "recuperación do sistema dunar na praia de Samil T.M. de Vigo. Fase 1 (entre punta de Samil e concesión administrativa Camaleón" a favor da empresa INCAT Infraestructuras, SA.

**II.-** Pola empresa INCAT INFRAESTRUCTURAS, S.A, presenta, trala fase de supervisión e informes proxecto de “RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL, FASE I (ENTRE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA CAMALEÓN E PUNTA DE SAMIL)”, redactado polo equipo multidisciplinar formado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos D. Manuel Cameáns Rodríguez, a Arquitecta Dna. Malena Santoro Prieto e o Enxeñeiro Civil D. Anxo Rodríguez Ramos, cun orzamento base de licitación máis

IVE de CATRO MILLÓNS NOVENTA E CATRO MIL CENTO CORENTA E CATRO EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (4.094.144,99 EUROS) e data de sinatura dixital definitiva data 28/10/2022.

III.- O Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras e Infraestructuras, en data 20 de setembro de 2021, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, con data 21.09.2021 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- As actuacións incluídas no proxecto son as seguintes:

- Demolición de 450 metros do paseo actual, tanto na súa parte en uso como a que quedou enterrada pola evolución natural da duna.
- Construción de 250 metros de novo paseo de 12 metros de ancho, retranqueado uns 25 metros respecto do actual.
- Habilitación dunha senda peonil polo piñeiral que dea continuidade ao paseo ata o final da praia.
- Acondicionamento e humanización de 450 metros da avenida de Samil, entre o acceso ao paseo da praia da Fonte ata o acceso á pista de patinaxe.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 10 ( DEZ) meses.

V.- Constan no expediente os seguintes informes e autorizacións sectoriais preceptivas:

- Informe servizo patrimonio histórico municipal de data 08.02.2021
- Resolución da Directora Xeral de Patrimonio Cultura do 01.03.2022, autorizando o Proxecto de recuperación do sistema dunar na praia de Samil (FASE I) e traslado de hórreo.
- Resolución do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico de 21.09.2022 autorizando ao Concello de Vigo as actuacións en dominio público marítimo terrestre.
- Informe da arquitecta técnica do inventario municipal (patrimonio) de data 28.09.2022
- Informe da Xefa da Área Técnica da XMU de data 28.09.2022
- Informe favorable do Servizo Provincial de Patrimonio Natural da Xunta de Galicia do 07.10.2022
- Resolución da Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia do 24.10.2022 outorgando autorización para a realización das obras na parte afectada polas servidumes de tránsito e protección do dominio público marítimo-terrestre

VI.- A Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos do programa Next Generation EU e a Enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asis. Municipal, emiten en datas 28/29/31 de outubro de 2022, indicando o seguinte:

*“Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.*

*No aspecto urbanístico as obras propostas son compatibles co planeamento vixente e no futuro PXOM. Estas actuacións non alteran as condicións de uso do ámbito, nin se prevén*

*aproveitamentos urbanísticos de ningún tipo, cumpríndose todas as previsións do planeamento para a área de actuación e non se xera ningún tipo de aproveitamento urbanístico, polo tanto non altera as condicións existentes.*

*Dispón das autorizacións e se inclúe no Anexo nº5. Coordinación con outros Organismos, coas correspondentes resolucións que seguen:*

*\_ Autorización do proxecto por parte do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.*

*\_ Autorización do proxecto por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.*

*\_ Informe favorable do Servizo Provincial de Patrimonio Natural da Xunta de Galicia.*

*\_ Resolución da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia.*

### **CONCLUSIÓN:**

*Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."*

### **CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**

**I.-** A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**III.-** O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### ACORDO

Aprobar o proxecto de “RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL, FASE I (ENTRE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA CAMALEÓN E PUNTA DE SAMIL)”, redactado polo equipo multidisciplinar formado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos D. Manuel Cameáns Rodríguez, a Arquitecta Dna. Malena Santoro Prieto e o Enxeñeiro Civil D. Anxo Rodríguez Ramos, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATRO MILLÓNS NOVENTA E CATRO MIL CENTO CORENTA E CATRO EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (4.094.144,99 EUROS) e data de sinatura dixital definitiva data 28/10/2022.

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **18(931).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE URBANIZACION DO POLÍGONO ÚNICO DA ÁREA DE REPARTO EN SUNC AR-I-O1 BARRIO DO CURA. EXPTE. 5282/401.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 27/10/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o enxeñeiro de camiños, canais e portos, a xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico e o xerente de Urbanismo, sometido ao Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo de data 2/11/2022, que di o seguinte:

#### I. ANTECEDENTES E FEITOS

I.I- Ao presente expediente, resúltalle de aplicación, o Planeamento Xeral vixente no Concello de Vigo- PXOU/1993-aprobado definitivamente o 29.04.1993 (DOG núm 87 do 10.05.1993 e BOP núm. 133do 14.07.1993) coas súas modificacións puntuais, o Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do Casco Vello aprobado definitivamente o 12.04.2007 (DOG do 06.06.2007 e BOP do 18.05.2007), así como á *Modificación puntual do PXOU/1993, para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura*, aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo na sesión que tivo lugar o 23.07.2021; Dito acordo de aprobación definitiva, foi publicado no DOG núm. 160 do 20.08.2021, a súa normativa no BOP núm.217, do 11.11.2021, e figura inscrita no rexistro de ordenación do

territorio e planeamento urbanístico de Galicia, da Sección II, do Libro I, Tomo I, Folla rexistral núm. 47, co núm. de rexistro ROTPG/P/64/2021, polo que ten acadado plena eficacia e vixencia.

Pola súa banda, e no que atinxe ao procedemento de xestión, con data do 12.05.2022 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión ordinaria, acordou no expediente tramitado baixo o núm. 5281/401,“(…) Primeiro.- Prestar aprobación, con carácter definitivo, ao proxecto de equidistribución nomeado “Proposta de equidistribución polo sistema de concerto do polígono único da Área de reparto en solo urbano non consolidado AR I-01 Barrio do Cura,” redactado polos arquitectos D. Diego Rivas Pérez,(colexiado núm. 4987 do COAG) e D. César Álvarez Arines, (colexiado núm. 2295 do COAG) xunto co avogado D. Francisco Javier García Martínez (colexiado núm. 1.262 do Ilustre colexio de avogados de Galicia) con data do 26.01.2022, e asinada dixitalmente con firma dixital válida na mesma data, delimitada pola Modificación Puntual do PXOU do Concello de Vigo para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura -formulado e inicialmente aprobado con data do 26.01.2022, pola propiedade única dos terreos -segundo certificación asinada, por D. David Ventoso Rañón en representación da entidade Barrio do Cura, SLU, na súa cualidade de administrador solidario-, para a execución xurídica e desenvolvemento do polígono único da área de reparto en solo urbano non consolidado AR I-01 Barrio do Cura, coa ordenación detallada que foi aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo con data do 23 de xullo de 2021, e publicada no DOG núm.160 do 20 de agosto de 2021, e normativa e ordenanzas no BOP núm. 217 do 11 de novembro de 2021, dunha superficie de 12.002,04 m<sup>2</sup>.(…)”.

Tendo adquirido firmeza na vía administrativa, de conformidade co acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión ordinario do 20.10.2022, na que se dispuxo (...) Desestimar íntegramente o recurso de reposición interposto no Rexistro do Edificio Administrativo de Vigo da Xunta de Galicia, con data do 28.06.2022 (número 2022/1684956) por D<sup>a</sup> Iría Díaz López, fronte ao acordo adoptado pola Xunta de goberno local na sesión ordinaria que tivo lugar o 12.05.2022 no que, entre outros pronunciamentos, acordou,(…) Primeiro.- Prestar aprobación, con carácter definitivo, ao proxecto de equidistribución nomeado “Proposta de equidistribución polo sistema de concerto do polígono único da Área de reparto en solo urbano non consolidado AR I-01 Barrio do Cura,” redactado polos arquitectos D. Diego Rivas Pérez,(colexiado núm. 4987 do COAG) e D. César Álvarez Arines, (colexiado núm. 2295 do COAG) xunto co avogado D. Francisco Javier García Martínez (colexiado núm. 1.262 do Ilustre colexio de avogados de Galicia) con data do 26.01.2022, e asinada dixitalmente con firma dixital válida na mesma data, delimitada pola Modificación Puntual do PXOU do Concello de Vigo para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura -formulado e inicialmente aprobado con data do 26.01.2022, pola propiedade única dos terreos -segundo certificación asinada, por D. David Ventoso Rañón en representación da entidade Barrio do Cura, SLU, na súa cualidade de administrador solidario-, para a execución xurídica e desenvolvemento do polígono único da área de reparto en solo urbano non consolidado AR I-01 Barrio do Cura, coa ordenación detallada que foi aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo con data do 23 de xullo de 2021, e publicada no DOG núm.160 do 20 de agosto de 2021, e normativa e ordenanzas no BOP núm. 217 do 11 de novembro de 2021, dunha superficie de 12.002,04 m<sup>2</sup>-, con base ao sinalado nos antecedentes de feitos e fundamentación xurídica da presente.

Consta incorporado ao expediente Certificado de firmeza asinado con data do 26.10.2022 polo Secretario desta XMU.

I.II- Así as cousas, con data do 05.05.2022 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en base e de conformidade coa proposta subscrita conxuntamente pola Técnica de Admón. Xeral do servizo de planeamento e xestión, o enxeñeiro de camiños, canais e portos e a Xefa da área de desenvolvemento urbanístico, previo ditame do Consello da XMU do acordou, prestar aprobación con carácter inicial,



ao «Proxecto de urbanización do Polígono único da Área de Repartición en solo urbano non consolidado -AR I-01- delimitada pola Modificación Puntual do Plan Xeral de ordenación urbana do Concello de Vigo, para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura», documento técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 23.03.2022 ,baixo o Cod. Sol.: W673557-893, redactada por un equipo multidisciplinar, conformado polo arquitecto Alfonso Penela, Arquitectura Agronomía e OTIMA, SL, datada en marzo de 2022, e asinada dixitalmente polos técnicos directores dos traballos o 23.03.2022.(..)”.

I.III- En cumprimento do disposto, someteuse o expediente con toda a documentación integrante do mesmo, ao correspondente trámite de información pública, aberto polo prazo de un (1) mes, consonte a normativa de pertinente aplicación, mediante a publicación de anuncios no BOP núm.98, de data 24.05.2022 e nun dos xornais de maior circulación da provincia (Faro de Vigo) do 13.05.2022, na Web e na Sede electrónica municipal; e así o fai constar a Xefa da oficina de Rexistro desta XMU en dilixencia asinada o 30.06.2022, incorporada ao expediente dixital de razón.

Consta asemade, Certificación expedida con data do 01.07.2022 polo Secretario da XMU co visto e prace da Vicepresidenta da XM, na que se fai constar que,

“(…) Que, durante o período de información pública do expediente núm. 5282/401, do “Proxecto de urbanización do polígono único da área de reparto en SUNC AR-I-01 Barrio do Cura”, aberto polo prazo dun (1) mes, mediante a publicación de anuncios nun dos xornais de maior difusión da provincia (Faro de Vigo, do 13 de maio de 2022), no Boletín Oficial de Pontevedra (número 98, do 24 de maio de 2022), na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, segundo consta na dilixencia asinada dixitalmente, en data do 30 de xuño de 2022, pola Xefa da Oficina de Rexistro da XMU, presentáronse os seguintes escritos de alegacións:

Data rexistro entrada	Doc.	Interesado
13/06/2022	220128003	Pablo Padín Sánchez
19/06/2022	220133372	María Nieves Remesar Conde
21/06/2022	220135815	María Nieves Remesar Conde
21/06/2022	220135819	María Nieves Remesar Conde

I.IV- Os anteditos escritos de alegacións foron trasladados oficialmente á entidade Barrio do Cura, SL, e así consta acreditado no expediente electrónico de referencia, aos efectos do seu estudo e a emisión do informe que corresponda, tralo estudo das mesmas; Así, con data do 03.08.2002 (Cod. Sol.-W743404-2014) a entidade Barrio do Cura SL, insería no rexistro electrónico da XMU, informe ás alegacións presentadas á aprobación inicial do proxecto de urbanización do polígono único da área de reparto en SUNC AR-I-01 Barrio do Cura, do que se reproduce a continuación o seu contido íntegro, ao incorporarse ao presente expediente e servirle de motivación, consonte co disposto no artigo 88.6 da LPACAP, e cuxos fundamentos e motivos se fan propios, e se ratifican a través da presente:

“(..).1. UFD Distribución Electricidad, S.A.

UFD no muestra inconveniente alguno al Proyecto de urbanización aprobado inicialmente, limitándose a realizar una serie de precisiones en relación con las instalaciones eléctricas de su red de distribución existente en el ámbito y solicitando la aplicación de las disposiciones establecidas en la legislación aplicable.

2. Pablo Padín Sánchez

DOC. 220128003:

Solicita: (i) que se aumente el plazo de exposición al público; (ii) que en el frente a la calle Pi Margall, el edificio de La Estrella no supere las medidas del antiguo Asilo, y en su frente derecho, no rebase los antiguos límites y ocupe el Paseo de Alfonso; (iii) que las alturas de los restantes edificios no sobrepasen la altura del edificio de La Estrella; (iv) que el total del volumen edificatorio sea computable en su conjunto sin poder sobrepasar las alturas propuestas y valorando el desnivel del terreno; (v) que la dotación para escuela infantil sea realizada antes del comienzo de las obras.

Estas alegaciones deben ser **desestimadas**, por las siguientes razones:

♦ En primer lugar, el alegante no acredita ningún interés que le legitime para impugnar el Proyecto de urbanización pues no es propietario ni titular de ningún derecho afectado por el Proyecto de urbanización.

♦ El plazo de un mes de exposición al público del Proyecto de urbanización responde al fijado por el artículo 226.2 del Decreto 143/2016, de 22 de septiembre, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia. En cuanto a la documentación técnica del Proyecto, se habilitó un enlace a través del cual se podía acceder desde la publicación del anuncio en el Boletín Oficial de Pontevedra, por lo que no concurren las dificultades de acceso a las que se hace referencia en el escrito de alegaciones.

♦ En cuanto al resto de cuestiones que se alegan en el escrito, se basan en discrepancias con las determinaciones urbanísticas del ámbito, que derivan de la Modificación Puntual del Plan General de Ordenación Urbana del Ayuntamiento de Vigo para la reordenación del ámbito del Barrio del Cura, aprobada definitivamente el 23 de julio de 2021 y que devino firme y ejecutiva tras su publicación, al no haber sido impugnada ni en vía administrativa ni en vía judicial, ni por el alegante ni por cualquier otra persona. La aprobación del Proyecto de urbanización no es el cauce adecuado para cuestionar el contenido de la Modificación Puntual. En todo caso, señalar que nos encontramos ante una Modificación Puntual que ha sido tramitada respetando todas las determinaciones legales y que ha sido informada favorablemente por todas las Administraciones públicas competentes afectadas, sin que en el escrito de alegaciones se haya desvirtuado su contenido, toda vez que se ha limitado a manifestar su discrepancia con la ordenación aprobada pero sin alegar ningún incumplimiento.

### 3. María Nieves Remesar Conde

DOC. 220133372: Solicita que cualquier actuación en el Mirador del Paseo de Alfonso afecte únicamente a la zona que se encuentra dentro de los límites de la Modificación Puntual del Plan General de Ordenación Urbana del Ayuntamiento de Vigo para la reordenación del ámbito del Barrio del Cura.

Estas alegaciones deben ser **desestimadas**, por las siguientes razones:

♦ En primer lugar, la alegante no acredita ningún interés que la legitime para impugnar el Proyecto de urbanización pues no es propietaria ni titular de ningún derecho afectado por el Proyecto de urbanización. Se dice en el escrito que es propietaria de un inmueble sito en la calle Poboadores, 59, bajo, y que la ampliación del mirador por el Paseo de Alfonso fuera de la delimitación aprobada (que realmente no es tal) supone una afección negativa para su propiedad. No obstante, no concreta cuál es esa "afección negativa", razón suficiente para desestimar las alegaciones.

♦ En todo caso, en cuanto al fondo, debe precisarse que el objeto del Proyecto de urbanización es detallar y programar, con la precisión necesaria para su ejecución material, las obras de urbanización del Polígono único del Área de Reparto en Suelo urbano no consolidado AR-1, delimitado por la Modificación Puntual, de conformidad con sus previsiones y determinaciones. Así, el Proyecto de Urbanización desarrolla, conforme a lo dispuesto en el Decreto 143/2016(RLSG), las determinaciones previstas en la ordenación detallada del Área de Reparto AR-1 contenida en la Modificación Puntual PGOM de Vigo para la reordenación del ámbito del Barrio del Cura, en cuanto a obras de urbaniza-

ción, tales como vialidad, abastecimiento de agua, red de saneamiento, energía eléctrica, iluminación pública, jardinería y otras análogas, reflejando en los sus planos de forma inequívoca el ámbito del Polígono objeto de urbanización, sin perjuicio de que, de acuerdo a las indicaciones de los servicios técnicos municipales, se contemplen las actuaciones sobre el dominio público existente exterior al ámbito para el mejor ajuste de la conexión e integración de las obras proyectadas, de acuerdo a lo previsto en el artículo 225.3 RLSG, sin que tales actuaciones supongan determinaciones propias del Proyecto de urbanización, cuyo ámbito se limita, como se ha expuesto, al suelo urbano no consolidado recogido en la Modificación Puntual.

DOC. 220135815:

Solicita la modificación del proyecto para establecer un retranqueo y reducción de altura suficiente de la edificación BC-R04.

Estas alegaciones deben ser **desestimadas**, por las siguientes razones:

- ♦ En primer lugar, la alegante no acredita ningún interés que la legitime para impugnar el Proyecto de urbanización pues no es propietaria ni titular de ningún derecho afectado por el Proyecto de urbanización.

- ♦ En todo caso, la planificación urbanística del ámbito deriva de la Modificación Puntual del Plan General de Ordenación Urbana del Ayuntamiento de Vigo para la reordenación del ámbito del Barrio del Cura, aprobada definitivamente el 23 de julio de 2021 y ésta devino firme y ejecutiva tras su publicación, al no haber sido impugnada ni en vía administrativa ni en vía judicial, ni por la alegante ni por cualquier otra persona. La aprobación del Proyecto de urbanización no es el cauce adecuado para cuestionar el contenido de la Modificación Puntual. A mayor abundamiento, señalar que nos encontramos ante una Modificación Puntual que ha sido tramitada respetando todas las determinaciones legales y que ha sido informada favorablemente por todas las Administraciones públicas competentes afectadas, sin que en el escrito de alegaciones se haya desvirtuado su contenido, toda vez que se ha limitado a manifestar su discrepancia con la ordenación aprobada pero sin alegar ningún incumplimiento.

DOC. 220135819:

Solicita que se modifique el vial previsto en el tramo de la calle Poboadores, de forma que sea un solo carril de subida, con salida al nuevo vial y a la subida al Paseo de Alfonso.

Estas alegaciones deben ser igualmente **desestimadas**, por las siguientes razones:

- ♦ En primer lugar porque tal previsión ya es la que figura en el Proyecto de Urbanización, tal como se puede apreciar en las plantas generales recogidas en todas las hojas del plano 2.3.1 de “Urbanización. Definición geométrica. Secciones generales”, sin perjuicio del error detectado en el esquema de la “Vía tipo 3” que figura en la hoja 1 del mencionado plano, que contradice la planta general que figura en el mismo plano en la que figura el esquema de ordenación de tráfico del ámbito y que será corregido en la versión final del Proyecto de Urbanización.

- ♦ En todo caso, se ha de advertir que la regulación y ordenación del tráfico no es una determinación propia del Proyecto de urbanización, sino que es objeto de regulación a través de los instrumentos correspondientes en virtud de la competencia atribuida al municipio por la Ley Reguladora de las Bases de Régimen Local y por el Texto refundido de la Ley sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor y Seguridad Vial, aprobado por el Real Decreto Legislativo 6/2015, de 30 de octubre, siendo estos textos legales los que establecen los instrumentos y procedimientos para tal regulación.

I.V- Pola súa banda, e no que atinxe as sondaxes arqueolóxicas previas a realizar no ámbito, obra no expediente electrónico, **Resolución da Dirección Xeral do patrimonio cultural pola que se autoriza o proxecto de sondaxes arqueolóxicas e control arqueolóxico da obra do proxecto: Urbanización na Área de Reparto AR I-01 da MP do PXOU de Vigo para a reordenación do Barrio do Cura, coa**

**afección do/s Xacementos de Casco Vello**, asinada con data do 12.09.2022 pola Xefa do Servizo de Coordinación Cultural, por delegación da Directora xeral do patrimonio cultural (Resolución do 05.07.2022).

I.VI- Finalmente, e logo da achega de diversas versións da documentación técnica preceptiva, aos efectos de proceder a aprobación definitiva do presente proxecto de urbanización, con data do Examinada a antedita documentación, con data do 26.10.2022, co Cod.Sol.: W782486-4122 e núm. de doc. 220266616, a entidade Barrio do Cura, SL, presentaba no rexistro electrónico desta XMU, documentación refundida do proxecto do urbanización do polígono único da área de reparto en solo urbano non consolidado AR I-01, aos efectos de que se proceda a súa aprobación definitiva.

I.VII- Elevado o expediente completo ao enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito ao servizo de urbanización e infraestruturas desta Área de Desenvolvemento Urbanístico, con data do 27.10.2022 emite informe técnico, **de carácter favorable** a referida actuación, do que extractamos a continuación o seu contido íntegro, para unha maior comprensión do nel concluído,

“(..) 1. Antecedentes

*Con data do 22 de setembro de 2021, tiña entrada no Rexistro electrónico da XMU, un escrito da entidade mercantil Barrio do Cura Desarrollo, SL, ao que se achegaba o “Proxecto de Urbanización do polígono único da área de reparto en solo urbano non consolidado AR I-01 delimitada pola Modificación Puntual do Plan Xeral de ordenación urbana do Concello de Vigo para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura”.*

*O proxecto foi remitido aos diferentes departamentos municipais, así como as empresas suministradoras, solicitando que trasladasen ao departamento de Desenvolvemento Urbanístico da Xerencia municipal de Urbanismo as observacións/consideracións que considerasen oportunas en relación co mesmo.*

*Tras manter diversas reunións técnicas aclaratorias da documentación presentada, o 14 de febreiro de 2022 deuse traslado dos informes emitidos, tanto polos departamentos municipais como polas empresas suministradoras co obxectivo de que se procedera a introducir tódalas modificacións, observacións e consideracións ás que aludían, e aos efectos de que á maior brevidade, esta administración, no exercicio da competencia lexítima atribuída polo marco xurídico vixente, puidera proceder á súa aprobación inicial.*

*Con posterioridade, en data do 22 de marzo de 2022, tivo entrada no Rexistro electrónico desta XMU, un escrito da entidade mercantil Barrio do Cura Desarrollo, SL, ao que se achegaba o documento modificado do “Proxecto de Urbanización do polígono único da área de reparto en solo urbano non consolidado AR I-01 delimitada pola Modificación Puntual do Plan Xeral de ordenación urbana do Concello de Vigo para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura”.*

*Tendo en consideración os informes técnicos emitidos, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 5 de maio de 2022, acordou a aprobación inicial do Proxecto de urbanización do polígono único da área de reparto en SUNC AR-I-01 Barrio do Cura. Expte. 5282/401.*

*Acadada esta aprobación inicial, o “Proxecto de Urbanización do polígono único da área de reparto en SUNC AR-I-01 Barrio do Cura” sometéuse ao trámite de información pública, mediante anuncio no Faro de Vigo (do 13 de maio de 2022), no Diario Oficial de Galicia (número 98, do 24 de maio de 2022), na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal. Durante este período recibíronse catro escritos de alegacións.*

*Con data do 01 de setembro de 2022, tivo entrada no Rexistro electrónico desta XMU, un escrito da entidade mercantil Barrio do Cura Desarrollo, SL para a súa tramitación e aprobación definitiva, o*

documento refundido modificado do “Proxecto de Urbanización do polígono único da área de reparto en solo urbano non consolidado AR I-01 delimitada pola Modificación Puntual do Plan Xeral de ordenación urbana do Concello de Vigo para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura”. Este proxecto foi remitido aos diferentes servizos municipais e os informes recibidos foron trasladados ao promotor, segundo consta no expediente, o 14 de outubro de 2022.

Posteriormente, Con data do 26 de outubro de 2022, tivo entrada no Rexistro electrónico desta XMU, un escrito da entidade mercantil Barrio do Cura Desarrollo, SL no que se achega unha nova versión do proxecto que recollía a resposta ás últimas observacións formuladas nos informes municipais.

O alcance deste informe límitase á avaliación desta derradeira versión do proxecto de urbanización de cara á súa aprobación definitiva.

## 2. Análise da documentación presentada

A análise da documentación presentada realízase seguindo a orde dos diferentes documentos que forman parte do proxecto. A máis, o informe ocupase de xeito especial en verificar a resposta ás observacións realizadas no informe de aprobación inicial e ás recibidas nos últimos informes municipais recibidos.

### 2.1. Memoria

O proxecto contén unha memoria na que se expón, de xeito resumido, o alcance do proxecto, os seus obxectivos e antecedentes de planeamento e as súas características principais de deseño. Establécese con claridade que o presente proxecto de urbanización redáctase de acordo coas determinacións establecidas na Modificación Puntual do PXOU de Vigo para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura (MP-B.CURA) para a execución da ordenación detallada do polígono único do ámbito de reforma interior en solo urbano non consolidado AR I-01 BARRIO DO CURA.

Esta ordenación foi establecida directamente pola Modificación Puntual do PXOU de Vigo de 1993 para a reordenación do Barrio do Cura, en desenvolvemento das determinacións estruturantes establecidas para este ámbito de solo urbano non consolidado na correspondente ficha de planeamento



Imaxe 1 Delimitación da Área de Repartición en solo urbano non consolidado AR-1 (en liña descontinua de trazo e punto granate) sobre a ordenación detallada do ámbito da MP-BARRIO DO CURA .

## 2.2. Anexos

No referido á descrición e xustificación das solucións adoptadas que figura nos Anexos do proxecto avaliado compre realizar as seguintes apreciacións:

### •Anexo 01: Antecedentes urbanísticos e arqueoloxía

Neste anexo reitéranse moitos dos antecedentes urbanísticos incluídos na memoria do documento A máis, faise referencia á arqueoloxía da zona, incidindo na súa caracterización, nos criterios de ordenación e nas normas reguladoras da protección arqueolóxica. Achégase dentro do anexo o correspondente catálogo de arqueoloxía.

En relación con este asunto compre mencionar que no expediente de tramitación deste proxecto figura que con data do 04 de febreiro de 2022, a entidade Barrio do Cura SL, solicitou a esta XMU a remisión á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural – Xefatura Territorial de Pontevedra, do Proxecto de urbanización da Modificación Puntual do PXOU de 1993, para o desenvolvemento do ámbito do Barrio do Cura, aos efectos de que se procedese á autorización da intervención arqueolóxica no ámbito.

En cumprimento do petitionado, o 08 de febreiro de 2022 desde a XMU remítiuse á citada Dirección Xeral o proxecto de urbanización referido, aclarando que mesa data non tiña acadada a súa aprobación inicial (Exp 5282/401).

Segundo consta no expediente, e de acordo co escrito trasladado polo Servizo de Coordinación Cultural o 10 de outubro de 2022, todas as cuestións relacionadas con esta tramitación quedarán a partir de agora incluídas no expediente administrativo 2092/21. En concreto forman parte deste expediente as seguintes resolucións:

- Resolución do 03.09.21 da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se autoriza o Proxecto de sondaxes arqueolóxicas previas á execución de muro de contención no Barrio do Cura (Fase 1), Vigo.
- Resolución do 12.09.22 pola que se da por rematada a intervención arqueolóxica de sondaxes arqueolóxicas previas á execución de muro de contención no Barrio do Cura (fase 1), Vigo.
- Resolución do 12.09.22 da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se autoriza o Proxecto de sondaxes arqueolóxicas previas e control arqueolóxico da obra do proxecto: Urbanización da Área de reparto AR-I-01 da Mod. Puntual del PXOU de Vigo para a reordenación do Barrio do Cura, Vigo.
- Resolución do 13.09.22 pola que se autoriza a construción do muro de contención de terras no ámbito do Barrio do Cura.

O anexo non presenta achegas relevantes respecto do proxecto aprobado inicialmente.

### •Anexo 02: Topografía

Achégase levantamento topográfico e especificase que o sistema planimétrico de referencia é ETRS 89, huso 29.

Non presenta achegas relevantes respecto do proxecto aprobado inicialmente.

### •Anexo 03: Xeoloxía e Xeotécnica

O proxecto incorpora un estudo xeotécnico para a avaliación das características particulares dos terreos. Non corresponde ó alcance desta aprobación inicial o análise da suficiencia dos ensaios realizados nin a interpretación dos mesmos que, por outra banda, está asinada por técnicos competentes na materia.

Non presenta achegas relevantes respecto do proxecto aprobado inicialmente.

## **·Anexo 04: Viario trazado e pavimentación**

### **Trazado**

Especifícase neste anexo que as aliñacións do viario correspóndense coas reflectidas na Modificación Puntual.

O anexo tamén inclúe un apéndice coa verificación informática das traxectorias de paso do autobús da norma do Ministerio de Fomento. Neste senso compre mencionar que, segundo se solicitaba no Informe de Aprobación Inicial, a pequena glorieta situada entre as rúas Santa Marta e Torrecedeira debe contemplarse como revasable para facilitar as manobras e garantir que as rodas non invaden en ningún momento as beirarrúas. De calquera xeito, este extremo debe ser ratificado durante a execución dos traballos mediante una comprobación in situ da manobrabilidade dos autobuses.

De acordo co anterior, os proxectos de urbanización das áreas de solo urbano consolidado que envolven o ámbito (5283/401), coordináronse co servizo de transportes e axustaron o seu deseño para evitar na medida do posible que se produzan vós por riba das diferentes beirarrúas no paso destes vehículos.

O trazado en alzado axustase ás rasantes actuais, con lixeiras modificacións para mellorar peraltes e acordos entre os eixos.

No relativo ás seccións tipo compre dicir que se corresponden coa modificación puntual en canto a aliñacións. O novo vial que conecta as rúas de Torrecedeira e dos Poboadores dispón de zonas de tránsito diferenciadas, mentres que as rúas dos Poboadores e de Santa Marta (tramo Norte) se axustan tamén as aliñacións do PXOM e dispón de beirarrúas sobreelevadas sobre a calzada.

Mantéñense o reto das consideracións reflectidas no documento de aprobación inicial.

### **Pavimentación**

De acordo co prescrito no artigo 3.2.1 da Modificación Puntual, a metodoloxía do cálculo pretende elixir a sección estrutural máis axeitada entre as diferentes tipoloxías posibles en función das diferentes combinacións de categoría de tráfico e de explanada obtidas.

Nos percorridos peonís ou de uso compartido adóptanse diferentes pavimentos en función da zona onde se sitúen ou a exclusividade do uso:

#### **•Pavimento de pedra de uso compartido por vehículos:**

Lousas de pedra granítica de dimensións variables e espesor 12 cm sobre capa de morteiro de 4 cm de espesor. Base de formigón de 21 cm HF- 3.5 sobre subbase de zahorra de 20 cm de espesor.

Emprégase en zonas da praza central con tráfico de vehículos e zonas de acceso.

#### **•Pavimento de pedra de uso exclusivo peonil:**

Lousas de pedra de dimensións variables e espesor 6 cm sobre capa de morteiro de 4 cm de espesor. Base de formigón de 21 cm HF- 3.5 sobre subbase de zahorra de 20 cm de espesor. En beirarrúas con desnivel coa calzada

Lousas de pedra de dimensións variables e espesor 10 cm sobre capa de morteiro de 4 cm de espesor ou de 6 cm nos pavimentos peonís da praza, en función de si é posible o acceso de vehículos (cota 41) ou non (cota 35 e cota 30).

En referencia a unha das observacións feitas no documento de aprobación inicial, a nova revisión achegada do proxecto especifica que:

na cota 41 para alixeirar as cargas mortas e ó mesmo tempo permitir a instalación de drenaxe e os diferentes servizos óptase por empregar o sistema CAVITI Este sistema permite ó mesmo tempo unha gran resistencia baseada no efecto arco, configurándose unha serie de bóvedas de crucería de moi reducida luz que trasladan os esforzos cara a capa de protección do forxado. De acordo

coa ficha técnica do produto, a resistencia dos CAVITIS permite unha capacidade portante superior ós 17.000 kg/m<sup>2</sup> se dispón dunha capa de compresión de 10 cm como a proposta.

De cara a resistir maiores cargas puntuais mellórase a armadura de reparto, pasando dunha parrilla de 6 mm cada 15x15 a 12 mm coa mesma distribución, mellorando así o reparto de cargas fronte ao punzonamento e ó reparto de cargas puntuais.

A falta de verificar as súas condicións de instalación durante a execución das obras, este sistema semella moito máis axeitado para garantir a integridade dos pavimentos da praza

•Pavimento continuo en calzadas:

Capa de aglomerado asfáltico pulido consistente na aplicación de 7 cm de MBC S20 fora de curva con betún modificado, pulido da superficie con diamante metálico para visualización do árido, aplicación de lechada bituminosa para eliminación de imperfeccións e novo pulido con diamante metálico para eliminar exceso de lechada e visualiza-lo árido. Baixo a rodadura unha capa de 7 cm de MBC AC22BIN e 13 cm de AC32G configurando un toral mínimo tras o pulido de 25 cm de mesturas bituminosas en quente en tres capas.

Como subbase unha capa de 35 cm de zahorra artificial a partir de áridos reciclados de formigón. Sobre a estrutura do parking subterráneo empregárase a mesma capa de rodadura sobre 10 cm dunha capa intermedia para regularización da lousa.

### **Cargas nos forxados da praza**

No tocante ás sobrecargas de uso, o proxecto indica que de acordo co código técnico da edificación (CTE), dados os usos fundamentalmente comerciais que se esperan na zona, os forxados deberán resistir os esforzos correspondentes a locais comerciais (D1 da táboa 3.1 do DBSE AE) o u zonas de aglomeración (C5 da mesma táboa), en ambos casos 5 kN/m<sup>2</sup>. Porén, o proxecto especifica nesta nova versión que:

para a cota 41 especifícase que se considera unha sobrecarga de uso de 10 KN/m<sup>2</sup> e na zona pavimentada tralo edificio denominado ELE deberase considerar ademais (de forma non simultánea) as sobrecargas puntuais necesarias para soportar o paso dun camión de bombeiros de 18.000 Kg.

Na cuberta do Parking (denominada Rúa Nova) a sobrecarga de uso a considerar será de 20 KN/m<sup>2</sup> e, de forma non simultánea, unha sobrecarga actuando sobre unha superficie circular de 20 cm de diámetro en calquera dos seus puntos.

A máis, especifícanse as cargas mortas nos diferentes niveis da praza e inclúese un plano coas diferentes sobrecargas de uso permitidas en cada un deles.

En relación con este Anexo figuraban no acordo de aprobación inicial unha observación (Observación 1) que facía referencia ás condicións de pavimentación, cargas mortas e cuestións relativas á seguridade e mobilidade no ámbito.

A resposta a cada un dos aspectos incluídos nesta observación esta reflectida no Anexo 16: Cumprimento de informes Municipais e Alegacións da exposición Pública e os cambios introducidos no proxecto considéranse, en xeral, axeitados dende o punto de vista técnico.

Neste senso se pronuncia o Servizo de Seguridade e Mobilidade que no seu informe de data 26/10/2022 expresa o seguinte:

Unha vez avaliados polo servizo de Seguridade e Mobilidade os cambios introducidos para dar resposta ás observacións recollidas no informe de aprobación inicial, informase de que non se atopan deficiencias neste eido que impidan a aprobación definitiva do proxecto.

Dito o anterior, debera verificarse durante a fase de execución que as solucións proxectadas son as óptimas para dar resposta aos requerimentos normativos e ter capacidade para adaptarse a calquera cambio na contorna do proxecto que puidera afectar ás condicións de seguridade e mobi-



lidade inicialmente previstas. Calquera cambio sobre o deseño inicial que afecte a cuestión desta natureza deberá ser informado por ese servizo de seguridade e Mobilidade.

#### **·Anexo 05: Abastecemento**

Neste anexo recóllese o dimensionamento das redes de abastecemento e os criterios de deseño das redes de abastecemento e as súas conexións co exterior do ámbito.

No proxecto incorpóranse as observacións realizadas nos informes solicitados á empresa concesionaria do servizo de abastecemento do Concello de Vigo e asúmese a realización dos ensaios e probas necesarios para comprobar a boa execución das obras e a calidade dos materiais a máis da conservación das obras executadas durante o prazo de garantía.

Non presenta achegas relevantes respecto do proxecto aprobado inicialmente.

#### **·Anexo 06: Saneamento e drenaxe**

Especificanse os criterios de dimensionamento e as características principais de das redes de colectores a augas residuais e pluviais que forman parte do sistema de saneamento.

No proxecto incorpóranse, con carácter xeral, as observacións realizadas nos informes solicitados á empresa concesionaria do servizo de saneamento do Concello de Vigo e asúmese a realización dos ensaios e probas necesarios para comprobar a boa execución das obras e a calidade dos materiais a máis da conservación das obras executadas durante o prazo de garantía.

No obstante, durante a execución dos traballos debe manterse unha coordinación coa concesionaria do servizo que permita resolver as cuestións de detalle referidas no seu último escrito.

Non presenta achegas relevantes respecto do proxecto aprobado inicialmente.

#### **·Anexo 07: Estruturas**

O proxecto incorpora o cálculo de estruturas vinculadas coa execución da urbanización (muros) e expón as hipóteses de cálculo consideradas. Non corresponde ó alcance desta aprobación o análise dos resultados obtidos nin das hipóteses e cargas consideradas, que corresponde aos proxectistas como técnicos competentes na materia que asinan os cálculos presentados.

No referente ás observacións feitas no informe de aprobación inicial sobre esta materia especifícase a actualización da normativa e verifícase o cumprimento mediante o uso de programas informáticos. A máis, no referente ao cálculo xeotécnicos, indícase que:

*Considérase como presión admisible de cimentación un valor de 1,5 Kg/cm<sup>2</sup>, inferior ós atopados no estudo xeotécnico pero que se decide manter de cara a manterse dentro da seguridade xa que non se dispón de ensaios na lonxitude total das estruturas. No caso de non conseguirse este valor en tódolos puntos, deberase realizar unha mellora do terreo mediante o saneo e a colocación dun formigón ciclópeo baixo as zapatas correspondentes.”*

É responsabilidade dos técnicos directores dos traballos a realización dos ensaios de campo precisos para garantir que as condicións do terreo se axeitan ás consideradas nos cálculos das estruturas.

#### **·Anexo 08: Incidencias Ambientais**

Neste anexo identifícanse as principais afeccións ambientais do proxecto e propóñense medidas correctoras das mesmas, así coma un plan de vixilancia ambiental que permita realizar o seguimento e control das medidas propostas.

Compre mencionar que con data 31.10.2018 a directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático ditou resolución pola que se formulou o Informe Ambiental Estratéxico na que resolveu non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a Modificación puntual do Plan xeral de ordenación urbana do Concello de Vigo, toda vez que conclúe que non cabe esperar que se produzan efectos ambientais significativos derivados da mesma.

*Non presenta achegas relevantes respecto do proxecto aprobado inicialmente.*

**Anexo 09: Paisaxismo**

*No anexo relátanse os criterios paisaxísticos incorporados ó deseño do ámbito e defínense as actuacións previstas para materializalos.*

*No Anexo 16 inclúense os cambios efectuados para dar resposta ás observacións trasladadas polo servizo de Montes, parque e Xardíns do Concello de Vigo, incluíndo as realizadas en data do 20 de setembro de 2022 e que constan incorporadas ao expediente.*

**·Anexo 10: Xestión de residuos**

*Sen comentarios relevantes para esta aprobación unha vez verificada a súa inclusión no documento.*

**·Anexo 11: Estudio de Seguridade e Saúde**

*Sen comentarios relevantes para esta aprobación unha vez verificada a súa inclusión no documento.*

**·Anexo 12: Iluminación pública**

*No Anexo 16 inclúense os cambios efectuados para dar resposta ás observacións trasladadas polo servizo de Electromecánicos do Concello de Vigo, incluíndo as realizadas en data do 30 de setembro de 2022 e que constan incorporadas ao expediente.*

*Unha vez avaliadas, os técnicos deste servizo consideran que os cambios introducidos respostan, en xeral, as observacións trasladadas. Porén, solicítase que durante a fase de execución dos traballos, e unha vez decididos os modelos e a ubicación de finitivas das luminarias, se presentes dous estudos lumínicos -iluminación convencional e de emerxencia- das escaleiras que dan acceso ao Berbés.*

**·Anexo 13: Coordinación con outras obras previstas no ámbito da modificación puntual do PXOM para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura**

*O anexo define, a partir das determinacións establecidas na Modificación Puntual do PXOU, das solucións de deseño desenvolvidas no Proxecto de urbanización e das consideracións feitas polos servizos técnicos municipais, un marco de referencia a ter en consideración nos diferentes proxectos que definan as obras ordinarias a executar para completar o desenvolvemento das previsións da ordenación detallada no ámbito da mesma, a efectos de garantir a as necesarias condicións de homoxeneidade da urbanización, de continuidade do espazo público e de calidade da paisaxe urbana.*

**·Anexo 14: Plan de Control de Calidade**

*Sen comentarios relevantes para esta aprobación unha vez verificada a súa inclusión no documento*

**·Anexo 15: Medios mecánicos**

*O anexo indica que no ámbito da actuación se instalaran tres ascensores e dous grupos de dúas escaleiras. Porén, a efectos de valoración, neste proxecto inclúense unicamente o ascensor do Berbés e o ascensor do Parque. Especificase que o resto de elementos inclúense conxuntamente coas edificacións das que formaran parte coa forma de proxectos de obras ordinarias e segundo o dito no anexo 13 de coordinación con outras obras previstas no ámbito.*

*No Anexo 16 inclúense os cambios efectuados para dar resposta ás observacións trasladadas polo servizo de Electromecánicos do Concello de Vigo, incluíndo as realizadas en data do 30 de setembro de 2022 e que constan incorporadas ao expediente.*

A máis compre engadir a resposta á observación recollida no informe emitido polo servizo de Seguridade e Mobilidade do Concello de Vigo no seu informe de data 12 de abril de 2022. Isto é:

#### *Observación 4*

*Deberán concretarse as instalacións complementarias para garantir o uso seguro do pasadizo do Berbés de 25,00m de longo e 1,80m de ancho.*

*Segundo consta no Anexo 15 Medios mecánicos:*

*Inclúense cámaras de vixilancia para cada ascensor e cota. A situación da cámara vese reflectida no plano de medio mecánicos no cal se inclúe a conexión coa rede existente. Sitúanse cadros de manobra situados preto dos ascensores para albergar as conexións ás cámaras e elementos de seguridade, dende estes realízase a conexión cara a rede de fibra óptica do Concello de Vigo.*

*Cada cadro de manobra de seguridade (Un por cada situación de ascensor) ten unha acometida ao centro de mando de manobra e control de medios mecánicos.*

*Inclúese ademais un sistema seguridade no pasadizo do Berbés, a instalar segundo as indicacións dos servizos municipais, incluíndo porta de apertura automática con sensores e telecontrolada e monitorreo de seguridade mediante dúas cámaras conectadas a cadro de control. Estas unidades inclúense no presuposto e en planos.*

#### ***·Anexo 16: Cumprimento de informes municipais e alegacións da exposición pública***

*Achégase unha relación dos informes municipais emitidos antes da data de presentación da presente versión do proxecto e relátase de que xeito se atendeu dentro do proxecto cada unha desas observacións.*

*A máis, incorpórase a proposta de resposta a cada unha das catro alegacións recibidas durante a fase de exposición pública do proxecto. Agás, na recollida no DOC.220135819 na que se recoñece un erro material xa emendado nun dos planos do proxecto, non compre facer avaliación técnica algunha ante a natureza eminentemente xurídica das alegacións recibidas.*

#### *2.3.Planos*

*No Anexo 16 especifícanse os cambios introducidos para emendar as observacións feitas no informe de aprobación inicial. Os cambios considéranse correctos, si ben os planos deberán incorporar as achegas xeradas durante o desenvolvemento da enxeñaría de detalle que terá lugar durante a fase de execución dos traballos.*

#### *2.4. Prego*

*Corresponde ó proxectista velar por una correspondencia entre as unidades descritas no PPTP e as descrições incluídas nos prezos do presuposto. Do mesmo xeito debe velarse por unha correspondencia entre as condicións de abono descritas e as formas de medición dispostas para cada un dos prezos.*

#### *2.5.Presuposto*

*O documento ten os contidos mínimos esixibles sen formar parte do alcance da presente revisión o contraste das medicións incluídas no mesmo e a suficiencia dos prezos dispostos.*

### *3. Conclusións*

*O documento refundido modificado do “Proxecto de Urbanización do polígono único da área de reparto en solo urbano non consolidado AR I-01 delimitada pola Modificación Puntual do Plan Xeral de ordenación urbana do Concello de Vigo para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura”. presentado pola entidade mercantil Barrio do Cura Desarrollo, SL o 26 de outubro de 2022 considerase completo e axeitado para proceder á súa aprobación definitiva de conformidade co pautado nos artigos 96 da LSG e 223, 225 e 226 do seu Regulamento de desenvolvemento.*

*Así mesmo, e de acordo co artigo 230 do Real Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, con carácter anterior ao inicio das obras de urbanización, deberá constituírse o depósito dunha garantía de exacto cumprimento dos deberes de execución do planeamento por un importe do 10% do presuposto de execución material do proxecto (2.592.083,99 €). Consonte o anterior, esta garantía debe acadar o importe de 259.208,40€.*

## II. FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

### I.- Normativa Básica aplicable

- Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e a súa modificación operada polo Decreto 92/2019, do 11 de xullo,
- Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación,
- Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio a reactivación económica de Galicia,
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,
- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- PXOU 93. Plan Xeral de Ordenación Urbanística do Concello de Vigo. (Acordo Consello Xunta de Galicia do 29.04.1993).
- Modificación barrio do cura Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Vigo (Pleno de 28.10.2013; BOP de 9.12.2013)
- Instrumento de Ordenación provisional do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno do concello de Vigo na sesión extraordinaria do 24.07.2019 (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019)
- O resto da disposicións xerais, e normativa sectorial que poidan afectar ,e resulten de aplicación,

### II.- Natureza, Obxecto e Descrición do Planeamento que se executa a través do presente

A natureza e obxecto do presente proxecto de urbanización, é detallar e programar, coa precisión necesaria para a súa execución material, as obras de urbanización precisas para o desenvolvemento do polígono único da área de repartición- AR I-01 Barrio do Cura-, delimitado pola Modificación Puntual do PXOU do Concello de Vigo para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura, de conformidade coas previsións e determinacións establecidas directamente na propia modificación do PXOU para a ordenación detallada do referido ámbito de solo urbano non consolidado.


Localízase no centro urbano do Concello de Vigo, na parte inferior da ladeira NO do Monte do Castro,

moi próximo ao porto pesqueiro, no interior do “Barrio do Cura”, peza de especial singularidade na estrutura urbana da cidade que se sitúa entre a Zona Vella (cidade histórica) e as tramas densas da extensión da cidade cara ó suroeste resultantes da forte expansión vivida nos anos sesenta e setenta do pasado século. Un borde de transición entre o tecido da Zona Vella e os novos crecementos da cidade cara a rúa de Torrecedeira que constitúe unha unidade morfolóxica diferenciada e que hoxe en día caracterízase como un baleiro urbano na trama da cidade central en acelerado proceso de degradación



A ordenación detallada do dito ámbito, quedou establecida, de conformidade co previsto no artigo 54 da LSG, directamente pola referida MP-B.CURA, e que se reflicte graficamente nos planos de ordenación da MP-B CURA, abranguendo unha superficie de 12.043 m<sup>2</sup>, dos que 1.081 m<sup>2</sup> corresponden a dotacións públicas existentes que a ordenación mantén, e os 29.026 m<sup>2</sup> restantes corresponde a propiedades privadas ou públicas de carácter patrimonial.

As determinacións urbanísticas para o desenvolvemento deste ámbito, recóllense na correspondente ficha urbanística que a MP-B.CURA incorpora ao listado de fichas de planeamento do Núcleo Central do PXOU, e recollida graficamente nos planos de ordenación detallada do ámbito do Barrio do Cura contidos na MP-B.CURA, que se incorporan e forman parte da documentación gráfica do presente proxecto de urbanización; Asemade o apartado 5.2 da Memoria, recolle, un cadro resumo da ordenación detallada que se executa.



*PO\_01\_01: Ordenación Xeral. Zonificación e usos pormenorizados*

A Ordenación detallada concreta as parcelas destinadas a dotacións públicas de conformidade co disposto no artigo 42.2 da LSG e coas determinacións da MP-B.CURA para este ámbito e que se recollen na correspondente ficha urbanística, contemplando a realización dun aparcadoiro público baixo a rasante do novo viario proxectado con capacidade para 300 prazas.

Con independencia do solo destinado a dotacións locais de uso e dominio público, a ordenación detallada establece determinadas servidumes de uso público sobre as parcelas lucrativas co obxecto da mellor satisfacción dos obxectivos do planeamento.

Establécese, ademais, no solo cualificado coa ordenanza BC-R04, a reserva dunha parcela destinada a vivenda suxeita a algún réxime de protección pública, na que materializar a edificabilidade de 3.585 m<sup>2</sup> que corresponde ao 30% do aproveitamento residencial total da área de repartición conforme establece o artigo 42.9 LSG para os solos urbanos non consolidados regulados no artigo 17.b.2 do mesmo corpo legal.

As principais actuacións que forman parte do proxecto, resúmense do seguinte xeito: A reurbanización da rúa Santa Marta, incluíndo os novos servizos necesarios así como a ampliación da sección da rúa adaptándoa a ordenación; A reurbanización da rúa Poboadores incluíndo os novos servizos necesarios, a apertura dun novo viario entre a rúa Santa Marta e a rúa Poboadores encima do aparcadoiro público previsto, e a urbanización dos espazos libres e zonas verdes previstas.

### III.- Dos Proxectos de urbanización

Tanto a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), como o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento (RLSG), configuran os proxectos de urbanización como instrumentos de execución dos plans, logo de que a anterior Lei

9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUG), abandonase a súa tradicional incardinación no eido do planeamento.

En concreto, os artigos 96 LSG e 223 RLSG, baixo o epígrafe “execución e conservación de obras de urbanización,” dispoñen que os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e as dotacións establecidos no planeamento. Neste caso atinxe á execución material das obras de urbanización do Polígono único da Área de Reparto en SUNC AR -I-01 Barrio do Cura, coas características e resto de parámetros descritos.

Os proxectos de urbanización constituirán, en todo caso, instrumentos para o desenvolvemento de todas as determinacións que o plan preveña en canto a obras de urbanización, tales como viabilidade, abastecemento de auga, rede de saneamento, enerxía eléctrica, iluminación pública, xardinaría, sinalización e mobiliario urbano, infraestruturas telefónicas e de telecomunicacións, redes de gas e outras análogas (art. 225.2 RLSG); e deberán definir, detallar e programar as obras coa precisión necesaria para que poidan ser executadas, eventualmente, por persoal técnico distinto da persoa autora do proxecto e estar subscritos por persoal técnico con habilitación legal suficiente.

Así mesmo, as empresas subministradoras e distribuidoras dos servizos prestarán a súa colaboración para garantir a redacción do proxecto e a súa execución. Neste senso, os proxectos deberán resolver o enlace cos sistemas xerais e prever as infraestruturas de conexión e as de ampliación ou reforzo, como así se fai neste caso, tal e como indica o enxeñeiro de camiños, canais e portos, desta XMU no informe emitido con data do .

Os proxectos de urbanización non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras; deben respectar, en todo caso, as condicións de accesibilidade universal e atender a criterios de calidade, sustentabilidade económica e ambiental así coma de eficiencia enerxética.

En ningún caso os proxectos de urbanización poderán conter determinacións sobre ordenación, réxime do solo ou da clasificación e deberán axustarse ás determinacións establecidas nas normas de urbanización contidas no planeamento.

En canto ao contido do proxecto, o artigo 225 RLSG, establece que abranguerá unha memoria descritiva das características das obras, planos de información e situación debidamente referenciados, planos de proxecto e de detalle, prego de prescricións técnicas, medicións, cadros de prezos, orzamento e estudos, programas e plans de seguridade e calidade que procedan.

Neste senso, en relación á suficiencia da documentación presentada e cumprimento dos aspectos técnicos de obrigada observancia, o Enxeñeiro de camiños, canais e portos da XMU en data 27 de outubro de 2022 informa con carácter favorable dito extremo, concluíndo que, o proxecto que nos ocupa dá cumprimento ás determinacións da normativa urbanística e de planeamento de aplicación e que conta coa documentación esixida ao respecto, informe que se incorpora ao presente expediente e lle serven de motivación, consonte co previsto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### IV.- Presupostos de execución

Tal e como se ten sinalado no expositivo, consta aprobada definitivamente a proposta de equidistribución, polo sistema de concerto (BOP núm. 52 do 16.03.2022), como presuposto de execución material do artigo 95 da LSG desenvolto polo artigo 221 do RLSG.

## V.- Formulación e tramitación

Os proxectos de urbanización que se redacten para a execución das obras faranse por encargo da administración actuante ou a iniciativa particular nos sistemas de execución indirectos.

A promotora deberá xustificar diante do Concello a solicitude dos informes das empresas subministradoras e distribuidoras do servizos que deberán ser emitidos no prazo de un mes, transcorrido o cal poderase continuar co procedemento aprobatorio.

A tramitación dos proxectos de urbanización establécese no punto 3º do amentado artigo 96 LSG e, no seu desenvolvemento no artigo 226 RLSG, que determinan que os proxectos de urbanización serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de un mes (1 mes), mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, e con notificación individual aos propietarios afectados.

Durante a fase de información pública do proxecto, o Concello deberá solicitar os informes e autorizacións sectoriais que resulten preceptivos, do xeito e co resultado que se indicou nas alíneas precedentes.

Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobaraos definitivamente, coas modificacións que resulten pertinentes.

## VI.- Constitución das Garantías precisas

Resulta de aplicación a este respecto o previsto no artigo 3.8.11 i)do PXOU-93 no que respecta á garantía das obras de urbanización, así como ao pautado polo artigo 96 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, e os artigos 223 a 226 do seu Regulamento de desenvolvemento.

Con data do 27.10.2021 o enxeñeiro xefe de urbanización e infraestruturas emite informe verbo da procedencia da imposición de constitución de garantía no presente procedemento, por un importe do 10% do custo de execución material das obras de urbanización, para garantir a execución simultánea de edificación e urbanización , pola cantidade de (259.208,40 €).

Esta garantía deberá constituírse no prazo máximo de 6 meses dende a aprobación definitiva do presente proxecto de urbanización, mediante calquera dos mecanismos previstos na vixente lexislación de contratos das administracións públicas (ou norma que nun futuro a substitúa, de ser o caso); Cancelándose a mesma unha vez recibida a urbanización e a recepción das obras, e transcorrido o preceptivo prazo de garantía (1 ano).

O incumprimento polo promotor das obrigacións de urbanización, así como do prazo de garantía, provocará a incautación por parte do municipio da garantía prestada para satisfacer as responsabilidades derivadas da execución das obras de urbanización.

## VII.- Órgano competente



A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada - AD Pleno do Concello do 06.09.2010-;

Por canto antecede, e de conformidade co informe técnico incorporado ao expediente subscrito con data do 27 de outubro de 2022, que se incorpora e forma parte da presente proposta de acordo, e lle serve de motivación, consonte ao previsto no artigo 88.6 da LPACAP,- no que conclúe que O documento refundido modificado do “Proxecto de Urbanización do polígono único da área de reparto en solo urbano non consolidado AR I-01 delimitada pola Modificación Puntual do Plan Xeral de ordenación urbana do Concello de Vigo para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura”. presentado pola entidade mercantil Barrio do Cura Desarrollo, SL o 26 de outubro de 2022 considerase completo e axeitado para proceder á súa aprobación definitiva de conformidade co pautado nos artigos 96 da LSG e 223, 225 e 226 do seu Regulamento de desenvolvemento, proponse á Xunta de Goberno Local, por se o estima procedente, a adopción do seguinte, ACORDO

**Primeiro.-** Proceder a desestimar integramente as alegación achegadas durante o período de información pública, fronte ao acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria que tivo lugar o 05.05.2022, polo que se dispuxo, prestar aprobación con carácter inicial, ao «*Proxecto de urbanización do Polígono único da Área de Repartición en solo urbano non consolidado -AR I-01- delimitada pola Modificación Puntual do Plan Xeral de ordenación urbana do Concello de Vigo, para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura*», documento técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 23.03.2022 ,baixo o Cod. Sol.: W673557-893, redactada por un equipo multidisciplinar, conformado polo arquitecto Alfonso Penela, Arquitectura Agronomía e OTIMA, SL, datada en marzo de 2022, e asinada dixitalmente polos técnicos directores dos traballos o 23.03.2022.(..)”, en base e de conformidade co exposto no corpo da presente.

**Segundo.-** Prestar aprobación, con carácter definitivo, ao «Proxecto de urbanización do Polígono único da Área de Repartición en solo urbano non consolidado- AR I-01- delimitada pola Modificación Puntual do Plan Xeral de ordenación urbana do Concello de Vigo, para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura», documento técnica refundida inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 25.10.2022 ,baixo o Cod. Sol.:W782486-4122, redactada por un equipo multidisciplinar,. conformado polo arquitecto Alfonso Penela, Arquitectura Agronomía e OTIMA , SL, datada en outubro 2022 , e asinada dixitalmente polos técnicos directores dos traballos con data do 25.10.2022.

**Terceiro.-** Subsecuentemente, e aos efectos de que o presente acordo sexa efectivo, no prazo de seis (6) meses, dende a aprobación definitiva do presente proxecto de urbanización, a entidade “Barrio do Cura, SLU” deberá proceder a depositar garantía por importe do 10% do custe de execución material das obras de urbanización ligadas ao desenvolvemento do presente ámbito urbanístico, para garantir a execución simultánea da edificación e urbanización, polo importe de 259.208,40€.

**Cuarto.-** Notificar o contido íntegro do presente acordo ao propietario do ámbito e a todos os interesados no procedemento, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición perante o órgano que o ditou no prazo dun (1) mes, ou recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contados desde o seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo do exercicio doutras accións que considere conveniente. No caso de interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo.

**Quinto.-** Dar traslado do presente acordo ao departamentos de tráfico, Patrimonio e Contratación, Estatística, Cultura, Parques e Xardíns, Electromecánicos, Servizo de Limpeza, Mobilidade, Transporte e Seguridade, Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras, Licenza de Obras e ás empresas: Aqualia, Unión Fenosa Distribución, S.A., Telefónica, R Cable e Gas Galicia, para o seu coñecemento e efectos oportuno.”

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(932).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez